

Palabras compostas en galego-portugués

XOAN L. BLANCO VALDES

Universidade de Santiago

O presente traballo quere ser só unha contribución ó coñecemento dos procedementos da formación de palabras no galego-portugués¹ e, por conseguinte, tamén no galego actual. Por moito que na actualidade existan estudos moi documentados sobre a composición románica, este non foi nunca un tema preferente, sobre todo fronte ó outro método máis importante para a formación de palabras, a derivación, en especial a efectuada por medio de sufixos.

Isto débese, claro está, a unha razón de exclusiva rentabilidade. Por causas que logo examinaremos (punto 1), a composición no ámbito románico é un medio renovador do léxico tan pouco productivo e evolucionado que non despertou xeralmente un interés especial da romanística. Deste xeito, téñenselle dedicados poucos estudos específicos, adoitándose examinala no marco de traballos máis amplios e xerais sobre formación de palabras, especialmente sobre derivación.

No que respecta ó galego, está aínda por facer un estudio sistemático e completo sobre a formación de palabras, anque xa se poden consultar algúns traballos sobre aspectos parciais²; o que agora presentamos preten-

¹ Usamo-lo termo *galego-portugués* —como se fai xeralmente—, con criterio especialmente cronolóxico, porque se nos fai máis completo e coherente que outros posibles como *galego antigo*, *galego medieval*, etc. En relación ó noso obxecto de estudio non nos interesa resalta-las eventuais diferencias de orixe e ámbito dos textos examinados, xa que, en primeiro lugar, estes non van alén do séc. XV, e, en segundo lugar, certas formas e combinacións coñecen evolucións características na banda occidental da Península, pervivindo ata a actualidade (é o caso de *lobisome/lobishomem*, *estantiga/estatinga*, *porco bravo*, etc.).

² Por exemplo, I. González, *Sufijos nominales en el gallego actual*, *Verba*, anexo 11, 1978; J. Neira, “El prefijo /des/ en la lengua gallego-portuguesa”, *Verba*, 3 (1976), pp. 309-19; M. Brea, “La parasíntesis en las Cantigas d’Escarnho e Maldizer”, *Verba*, 4 (1976), pp. 127-37, etc.

de contribuir a ese estudio futuro, agrandando no posible as noticias sobre os métodos internos de renovación léxica do galego.

Cubrirnos tal obxectivo, implica, ó noso ver, dúas direccións de traballo ben distintas.

En primeiro lugar, definir teoricamente o concepto *palabra composta* é simplemente inexcusable para analizar e clasifica-lo corpus obxecto de estudio e distinguirmos palabras compostas doutras formacións semellantes, porque, frente a outros fenómenos léxicos como a derivación, a composición é un método pouco sistematizado internamente e moi exposto a circunstancias e influencias extralingüísticas. Un sufixo ou un prefixo únense ás súas bases léxicas baixo condicións moi precisas³, e, ademais son unidades invariables e independentes destas; así, podemos aplica-lo sufixo *-eyro* ou o prefixo *des-* cos mesmos resultados a bases distintas (*escud-*, *mintir-*, *caual-* + *-eyro* ou *des-* + *-enganar*, *-onrrar*, *-falecer*, etc.). Polo contrario, a unión de dúas bases léxicas é algo moi diferente, moito menos regularizado gramaticalmente, resultando que os seus contextos e posibilidades morfolóxicas son de moi complexa síntese. Se dicimos que unha palabra composta resulta da unión doutras dúas, reflexamolo fenómeno de forma panorámica, esquecendo tendencias lingüísticas á vez próximas e diferentes a un tratamento tal.

Non hai, pois, que insistir nunha necesidade evidente; aínda como puro concepto de traballo —que permita en definitiva xustificar por que incluimo-la forma X entre as palabras compostas ou por que excluimo-la forma Y—, a definición —mellor, a delimitación—, desta categoría léxica precisa dunha discusión previa (que se pode atopar no punto 2).

Seguidamente vai o corpus de formas, a análise lingüística e o seu comentario etimolóxico e lexicográfico. Como se comprobará na bibliografía, a revisión textual non sobrepasa a primeira metade do séc. XV —data dalgúns documentos notariais—, axustándose, xa que logo, tódolos textos á etapa galego-portuguesa.

Nun traballo destas características, hai que recoñecer nos textos unha limitación evidente. A literatura, aínda na nosa época pero máxime en etapas pretéritas da lingua, nunca é o reflexo fiel da *fala* coetánea, e isto é especialmente comprobable no léxico; así como no eido da fonética ou

³ Anque, en realidade, no dominio da formación de palabras en xeral —incluíndo composición e derivación—, “a arbitrariedade cria mais vèzes exceções às leis”, xa que “o povo colabora nela constante e eficazmente” (C. Michaëlis de Vasconcelos, *Lições de filologia portuguesa* (1911-13), Dinalivro, Lisboa, s/a, p. 42). Cfr. pp. 40-6.

da morfosintaxe un corpus de textos cuantitativamente rico deixará poucos puntos escuros ou incompletos a estudos atentos, co léxico a cousa é ben distinta. Mesmo na actualidade, a literatura, pese á súa diversificación, segue rexistrando moi parcialmente o estado real da *fala*, aínda a literatura máis coloquial e popular. Se trasladamos isto a unha etapa lingüística e literariamente primitiva, poderase deducir facilmente que sometermos exclusivamente ó criterio dos textos equivalería a incluír na *fala* insuficiencias propias dos monumentos lingüísticos. No noso caso, de feito, a toponimia parece indicar que a composición de palabras debía estar bastante máis implantada nos falantes que nos textos.

En calquera caso, a expurgación destes permítenos postular a posibilidade de existencia doutros moitos compostos populares que non chegaron ata nós por non teren caído na lingua escrita. A algúns destes problemas ímonos referir de seguido.

1. XENESE E PRODUCTIVIDADE DA COMPOSICION ROMANICA

Ben que é un feito discutido aínda por autores como Dardano ou Tekavčić⁴, parece claro que nin nas fases máis modernas das linguas románicas a derivación cedeu terreno á composición: os procesos derivativos⁵ seguen sendo os máis rentables e productivos para a formación de palabras⁶.

Un estudio comparativo ó efecto mostraría, é verdade, gradacións distintas en canto á frecuencia e rendemento da composición nas distintas áreas románicas, mais, en termos absolutos, en ningunha delas haberá máis palabras compostas que derivadas.

No noso caso, a porcentaxe de palabras compostas no cadro do caudal léxico dos nosos textos medievais é, mesmo traballando con criterios delimitativos moi amplios, absolutamente mínimo, constatación que se corresponde en principio coa idea xeralizada de que as linguas románi-

⁴ Cfr. Dardano, p. 114, Tekavčić, p. 198.

⁵ Cfr. *infra*, punto 2.1.

⁶ Un exame superficial da lingua dos medios de comunicación, sen ir máis lonxe, reflexará a vitalidade da derivación en formas concretas que chegan a suplantar ás formas simples: *explosionAR* (*explotar*), *posicionAR* (*situar*), *condicionAMENTO* (*condición*), *motivACION* (*motivo*). Outras derivacións amosan as posibilidades flexivas: *institucionalIZAR* ou *institucionalizABLE* —formas nas que hai ó menos tres e catro sufixos respectivamente—, *maximIZAR*, *REprivatIZACION*, etc., etc.

cas herdán do latín unha singular preferencia pola derivación como método *flexivo* de formación de palabras, en prexuício da composición como método *aglutinativo*⁷.

Ora ben, en todo achegamento diacrónico á composición románica compre termos de man certas precisións a un argumento tal, derivadas en parte da propia xénese do fenómeno.

A fusión de dúas palabras nunha soa con intensión especialmente expresiva —e sobre todo baixo certos modelos como ‘verbo + sustantivo’—, é un fenómeno espontáneo e irregular, mesmo personal, que non se pode cinguir a unha serie limitada de posibilidades combinatorias como a derivación. Mentres os procesos derivativos son procesos *gramaticais*, de modo que prefixos e sufixos son auténticos *morfemas* —e, deste xeito, están regularizados non só na *fala* senón tamén na *norma* e na *lingua*, formando parte de estruturas fixas desta—, a composición é un proceso *léxico*, relacionado directamente coa *fala* e non limitado en series pechadas de unidades⁸. Calquera falante sabe que, anque poida combinar prefixos e sufixos con bases de derivación con gran liberdade, non pode *inventar* prefixos ou sufixos. Pero na composición de palabras non existen máis límites cós propios da lingua e a creatividade lingüística colectiva. E,

⁷ Cfr. Tekavčić, *ibid.* As causas desta desventaxa compositiva son de orde interno ó latín e, naturalmente, sobrepasan os obxectivos deste traballo. Ó respecto pode verse Bader, pp. 7-9. Nun breve resume, digamos que o estado de anquilosamento do latín en canto a posibilidades compositivas —manifestado na conservación de modelos arcaicos e na ausencia de renovación destes modelos—, correspóndese precisamente á situación hipotética do indoeuropeo, a partir da que outros dialectos indoeuropeos (sánscrito, xermánico) evolucionaron rica e variadamente. Por isto, paradoxicamente, o estudio dunha lingua pobre e arcaica en composición como o latín é interesante na medida en que o seu arcaísmo permite deducir a situación orixinaria común a latín, sánscrito, xermánico, etc.; porque, en efecto, canto máis libre e evolucionada se torna unha categoría morfolóxica, tanto máis difícil é o estudio das súas bases antigas. O latín, xa que logo, distínguese do sánscrito polo que este evolucionou de seu, sen herdalo do indoeuropeo, e non polo que o latín deixara de evolucionar. Ou, o que é o mesmo, latín e sánscrito —nas antípodas en canto a posibilidades compositivas—, teñen en común o que tódalas linguas indoeuropeas.

No raquitismo da composición latina colaborou tamén “la concurrence victorieuse des syntagmes verbaux (au contraire, en sanskrit la prodigieuse expansion des composés nominaux d’expression)” (Bader, p. 9). Hai, en fin, factores externos, de civilización: “... des faits de civilisation ont bouleversé le système onomastique: après que le système onomastique indo-européen a été contaminé par l’etrusque, les noms propres composés ont été abandonnés” (Bader, *ibid.*).

⁸ Vid. Carvalho, p. 498 e nota 28.

ademais, tódalas crases de palabras poden ser teoricamente constituintes dun composto: sustantivo, adxetivo, verbo, adverbio, etc.

Convén, daquela, deixar sentado que na creación dunha palabra composta mistúranse factores moi dificilmente avaliábeis, como o xenio dun falante ou escritor ou a conxuntural necesidade de énfase ou intención expresiva⁹ e, en menor medida, exixencias de renovación léxica; a súa pervivencia está, pois, sometida ó nivel de xeralización que acade na *fala* —o que eventualmente lle permitirá entrar na *norma/lingua*—, ou ben, dende a perspectiva histórica, á fortuna de ter caído nun texto.

E esta xénese de ámbito coloquial e popular do fenómeno maniféstase en toda época. O propio latín vulgar e falado afastouse —como noutras moitas cousas—, dá norma culta e clásica recreándose na fusión esporádica, mais sempre espontánea, de dous ou máis elementos léxicos independentes, mesmo dende época arcaica (SUOVETAURILIA, LECTISTERNIUM, STULTILOQUUS, topónimos¹⁰), e xa frecuentemente en época imperial e tardía: CALDICEREBRIUS, CEREOFALUM, COLLAMONTIA, DOMNICOMONTANUS, FULCIPEDIA, etc.¹¹. A un ám-

⁹ En termos de *competencia* e *actuación*, “nella lingua di oggi i composti veri e propri dipendono dalla competenza del parlante; dalla capacità esecutiva di quest’ultimo dipendono i composti occasionali” (Dardano, p. 143).

¹⁰ Cfr. Väänänen, pp. 153-4.

¹¹ Vid. entre outros, M.C. Díaz y Díaz, *Antología del Latín Vulgar*, Gredos, Madrid, 1974², e o Apéndice de Bader.

Este conxunto de constatacións permiten insistir un pouco na xénese románica da composición. E certo que o latín culto e escrito en vao intentou adapta-las posibilidades léxicas do grego en canto á fusión de elementos autónomos. E en vao non porque o latín non coñecera unha boa cantidade de compostos —moito menor, aínda así, cá do grego—, senón porque cualitativamente todos estes compostos axustábanse a unha serie moi limitada de modelos posibles. Con Darmesteter (p. 6), pode dicirse que a composición latina clásica combina *temas*, non existentes autonomamente na lingua: *silvi-col-a*, *signi-fer*, etc.

Pero no latín falado, de toda época, as cousas deberon ser ben distintas. É evidente que exemplares como *culibonia*, *caldicerebrius* (‘argalleiro’), *scytalosagittipelliger* (‘o que leva un escudo, frechas e un pelexo’), *bardocucullu* s... amosan unha dinámica léxica que está a anos-luz das estreiteces clásicas. Aínda na literatura os autores deixan testemuños abundantes da gran liberdade do procedemento, ben rexistrando formas da fala popular, ben inventando esporadicamente compostos, como é o caso de Plauto, que fai neste mester gala dun inxenio e gracia especiais: *seribibi* (‘que bebe polas noites’), *multibibi*, *brevigerulus* (‘de pouco tino’), *vaniloquidorus* (‘que di parvadas’), *damnicipidus* (‘anceioso do mal alleo’), *tittibilicium* (‘cousa de pouca estima’), *plusciae* (‘que sabe máis da conta’), *fulcipedia* (‘de altos tacóns’). Hai tamén compostos imaxinativos en Varrón, Apuleio, Quintiliano, etc.

bito xenético semellante habería que remitir formas plenamente románicas como algunha do noso corpus (*rabialçada, fodimalho, fodestallo, aviziboo, touquenegra*, etc.) e outras máis tardías do castelán, de arredor do séc. XV as máis antigas, pero especialmente do Século de Ouro, do tipo dos compostos con vogal de unión *-i-*: *zanquituerto, barbirrubio, patitieso*¹². E aínda no noso tempo é facilmente verificable a natureza espontánea e asistemática da composición; obsérvese o carácter de formas como gal. *milhomes, rapacona, tollemerendas, capagatos, fuxe-fuxe, bule-bule, lambecricas*¹³. Igualmente se pode constata-la comodidade de crearmos compostos ad hoc: unha bebida forte pode ser, por exemplo, un *ergue-mortos* (ou un *tumbadiós*), uns zapatos delicados uns *coidapés*, ou un *cansendono* (ou *can sen dono*) un home infeliz¹⁴. E só dos factores expostos depende que estas creacións cheguen ou non a andar algún día nos dicionarios.

Parece bastante claro, en definitiva, que non é tanto que a composición románica fronte á derivación sexa especialmente improductiva, canto que, mentres esta última se manifesta en estruturas fixas, gramaticalmente sintetizables nun sistema flexivo, a composición ten fronteiras estruturais en continuo movemento, de xeito que a súa rentabilidade non é estrutural. Poderásenos obxectar que existen modelos moi productivos segundo os que podemos formar palabras compostas: ‘ver-

Doutro lado, quizais haxa unha proba mellor da vitalidade da composición no ámbito vulgar: o tipo de compostos ‘verbo + sust.’, inexistente no latín clásico (LABANOS aparece xa no séc. II d.n.e., segundo Tekavčić, p. 206), é precisamente o único modelo compositivo panrománico, coincidencia que demostra que, a despeito da influencia culta, estas formacións espontáneas debían estar espalladas por todo o Imperio dende antigo. Do mesmo xeito, na onomástica en xeral, campo ideal para a inventiva dos falantes, os compostos aparecen acó e aló por toda a Romania.

¹² No castelán de época clásica, a composición de carácter afectivo —retranqueiro ou francamente despectivo—, e en especial baixo os esquemas ‘sust. /i/ adx.’ e ‘verbo + sust.’, é de grande riqueza. Velá unha breve nómina: *barbilucio, barbiponiente, barbitaheño, cabrahigos, Caraculiambro, catarriberas, destripaterrones, desuellacaras, echacuernos, majagranzas, pasagonzala, pazpuerca, pelarruecas, sacabuche, sanapotras, sotaermitaño, tapaboca, varapalos*, son de *El Quijote*; de Lope de Ubeda (*La Pícarra Justina*) son *tapajija* y *cuellidegollado*. *Carirredondo* está en *El Buscón* de Quevedo.

¹³ E verdadeiros espécimes na literatura: a *Cansentado*, a *Cupatrás*, son nomes de prostitutas en *A Esmorga*, de E. Blanco Amor, (Galaxia, Vigo, 1970, pp. 80 y 86).

¹⁴ Cfr. tamén as construcións publicitarias: *nutribén, sanigel, todogar, limpiabrillo, quitarañazos, mercabén, lavicera*, etc.

bo + sustantivo', 'adxetivo + sustantivo', etc. Pero aínda estes modelos resultan transgredidos en formas concretas que rexeitan calquera intento de clasificación tipolóxica: (un) *vichelocrego*, (un) *fervellasberzas*, (un) *caldoamerenda*, etc.

2. A ESTRUCTURA DA PALABRA COMPOSTA

Unha palabra composta non é fácil de definir¹⁵, anque é verdade que a súa característica máis notable —o concurso de dúas ou máis “palabras”—, resulta lóxica e coherente para calquera falante. O lingüista, nembargante, verá aquí reflexada apenas a “superficie” dos feitos.

¹⁵ Problema derivado, en parte, da complexísima identidade da propia *palabra*. Sequera dar un tratamento superficial a unha posible *definición* deste concepto, deixando de lado que sería intento ousado pola nosa parte, suporía alongar esta breve introducción moito máis do que quixeramos. Emporiso, é inevitable optarmos por unha dirección concreta neste campo.

Dos múltiples tratamentos que a teoría lingüística xeral lle ten adicado á palabra (por exemplo, E. Sapir, *Language*, 1921, L. Bloomfield, *Language*, 1935, A. Martinet, *Eléments de Linguistique Générale*, 1960, R.H. Robins, *General Linguistics; an Introductory Survey*, 1964 e logo H.A. Gleason, J. Lyons, etc.), o que presenta Carvalho, tendo en conta especialmente as interferencias que entre os planos sintagmático e paradigmático ofrecen certos procesos de composición de palabras, pode resultar axeitado.


Para Carvalho, no sintagma unha palabra ven ser como un monema: “a palabra possui, por assim dizer, a mesma forma de existência do monema, no sentido de que só funciona aí como parte ou termo desse sintagma” (p. 497). Deste xeito, ó igual que os monemas son intersubstituíbles no seo da palabra, tamén a palabra o é no interior do sintagma. Dende a perspectiva paradigmática, a palabra é en termos xerais, “a menor entidade significativa capaz de actualización inmediata no acto concreto de fala, —de constituir por si só, pois, todo um discurso” (p. 498). Frente ó sintagma, daquela, a palabra *existe* de feito, e non virtualmente, como os sintagmas; estes existen en canto se actualizan, mentres as palabras —poñendo á parte os seus *modos* concretos de existencia conforme tódalas modificacións flexivas posibles, no que Matthews chama *formas léxicas* (pp. 33 e ss.)—, existen previamente á súa actualización, formando parte da estrutura léxica da lingua en cuestión: “ao contrário das palavras que existem como objectos-instrumentos, prontos e preparados para novos usos, os sintagmas não se encontram no saber lingüístico como formas fixas mas como modelos muito gerais e abstractos de construção sintagmática” (Carvalho, *ibid.*).

Dun xeito sintético, a conxunción das perspectivas sintagmática e paradigmática está tamén na proposta de Lyons, para quen a unidade gramatical da palabra simple “se trata comúnmente a base de dos criterios: el de la movilidad posicional y el de la inseparabilidad de sus elementos” (J. Lyons, *Introducción en la Lingüística teórica*, Teide, Barcelona, 1971, p. 209).

A efectos de procesos morfosemánticos, interézanos ante todo partir de que unha unidade lingüística é identificable, aillable e explicable na medida en que se opón a outras unidades, parcialmente semellantes e diferentes, dende unha base de comparación común. Seguindo esta dirección, imos centra-la exposición ó redor dos procesos que, pola súa veciñanza morfolóxica e semántica coa composición, poden escurece-la delimitación tipolóxica desta: a *derivación* —con especiais dificultades, como se verá, a prefixación—, e a fusión sintagmática de elementos léxicos independentes, ou *sintagmas fixos*.

2.1. *Palabra composta e palabra derivada*

Os procedementos románicos de formación de palabras son:



Estes procedementos operan sobre unha *base*¹⁷ ou, como dixemos,

¹⁶ Imponse aínda outra distinción que non por evidente é superflua: hai derivación flexiva e derivación léxica, á que, naturalmente, nos referimos aquí. As categorías que tradicionalmente encaixan nos “accidentes gramaticais” (número, xénero, tempo, persoa, etc.) refléxanse nas formas léxicas por medio de procesos automáticos, mentres a derivación léxica implica trastornos morfosemánticos moito máis complexos (cfr. Matthews, pp. 50 e ss.).

¹⁷ Entendemos por *base* o elemento primitivo, semántica e morfoloxicamente, sobre o que operan os distintos procesos de formación de palabras. E a *palabra simple* ou *primitiva* da gramática tradicional, segundo se opuxera a *composta* ou *derivada* (cfr. DTF, s.v. *palabra*). A base é, pois, unha unidade existente no caudal léxico dunha lingua e non formada. Polo menos no campo da formación de palabras, o termo *base* parece máis axeitado e flexible que *lexema* ou *semantema*, e, desde logo, que *palabra simple* ou *primitiva*.

A gramática tradicional establece unha dicotomía cando menos ambigua xa que os procesos de formación operan en calquera caso sobre palabras; compre determiná-las diferencias nos produtos léxicos resultantes e non nas unidades de partida. *Fouciño*, *alzamento*, *legoeiro*, *rabelo*, responden a un esquema ‘base + sufixo’, como galport. *foucelegón*, *rabialçada* a outro ‘base + base’, pero os seus elementos de partida, *fouce*, *legón*, *rabo*, *alzar*, non se distinguen en nada. Carvalho respeta en certa medida a distinción tradicional, xa que *palabra primitiva*, dende a perspectiva diacrónica, responde mellor á realidade ó dar conta da cronoloxía dos derivados verbo dos seus elementos de partida.

Os termos *lexema* ou *semantema*, pola súa banda, non sempre son axeitados porque unha formación léxica pode constituí-la *base* doutra formación, podéndose

máis dunha no caso da composición; pero as modificacións da base son distintas en cada caso. En xeral, a característica que permite agrupar ós procesos derivativos é a *adición* dunha constante invariable (*afixo*), que é independente da estrutura concreta da base, como xa indicabamos ó principio.

No primeiro caso, *prefixación*, contamos cunha base á que se antepón un morfema non autónomo¹⁸ — neste caso un *prefixo*—, sen que se produza modificación algunha da base: galport. *herdar/desherdar, conforto/desconforto, redor/enrredor, correr/acorrer*, etc. Os prefixos afectan moi pouco á forma da base, e menos aínda ó contido; oriéntano, apenas, cara o valor semántico do prefixo, resultando unha variación puramente *modal*¹⁹.

A *sufixación* é a adición dun morfema dependente —*sufixo*—, a unha base, adición que provoca trastornos formais nesta e fai variar-lo seu significado. Non se trata xa dunha pura variación modal, senón dunha ampliación, especificación ou derivación do contido da base: *verdade-verdadeiro, monte-montesío, abade-abadengo, gloria-grorioso*, etc. Os sufixos teñen, como se ve, a capacidade de *transcategorizar* á base concreta á que se unen, xa que a habilitan para unha nova función gramatical: galport. *filho-filhar, prego-pregar, forza-forçar, destroyr-destroymento, saber-sabedor, covarde-covardice, cousir-cousimento*, etc. Esta capacidade fai da sufixación o máis rentable procedemento románico para a formación de palabras.

establecer proporcións CARTA-CARTEira-CARTEIRista, PELO-PELuca-PELUQUeiro, nas que as bases non coinciden cos lexemas ou semantemas, entendidos como elementos mínimos portadores de significado; así, na base CARTEIR(A) de *carteirista*, hai dous lexemas distintos. En moito menor número de casos, ocorre o mesmo na composición de palabras, en formas como *follalateiro, botafumeiro*, ou galport. *ricomaz*, onde hai bases únicas (FOLLALAT(A), *BOTAFUME, RICOME) con máis dun lexema.

Polo demais, o termo *base* é hoxe regularmente usado en traballos sobre formación de palabras, polo que resulta idóneo neste (cfr. Tekavčić, pp. 19-20; Brea, 40 e ss.; Dardano, *passim*; Carvalho, p. 570 y n. 84; GRAE, pp. 164-70; Matthews, pp. 52 e ss.).

¹⁸ Os *afixos* —tanto flexivos como léxicos (cfr. nota 16)— son morfemas dependentes, non autónomos.

¹⁹ Hai que ter en conta, de tódolos xeitos, que unha palabra derivada, unha vez instalada na lingua, se desenvolve historicamente como unha palabra simple, afastándose semanticamente da base e adquirindo entidade e conotacións propias: galport. *parar/amparar, sentar/assentar, cobrir/encobrir, descubrir, bater/conbater*, etc. Un caso extremo é o de moitos prefixados antigos que na evolución románica perden as súas bases etimolóxicas: *construir, destruír, instruír*, pero non **truír, atribuír, contribuír, retribuír*, pero non **tribuír*, etc.

O terceiro proceso dos sinalados —a *parasíntese*— presenta dous esquemas distintos²⁰:

- un, moi pouco productivo, no que se engade un sufixo a unha base á súa vez resultante da combinación doutras dúas, pero sen que tal combinación teña formado previamente unha palabra composta: *picapedreiro*, *botafumeiro* (pero non **picapedra*, **botafume*), procedemento distinto da derivación dun composto: *follalata-follalateiro*, ou galport. *ricome-ricomaz*.
- outro, polo contrario moi rentable, consistente na adición simultánea dun prefixo e un sufixo a unha base: *enfornar*, *esfollar*, *engaiolar*, *aparrado*, *atordecemento*, galport. *ensandeçer*, *enriçar*, *ennobrecimento*, etc.

Estes tres procedementos de formación de palabras teñen en común, como xa dixemos, o concurso de unidades non autónomas, que non existen na lingua fóra destes procesos. Frente a isto, podemos ordealos feitos dicindo que na *composición* interveñen unidades morfolóxica e semánticamente independentes²¹. Pero o fracaso desta argumentación puramente morfolóxica ponse de manifesto ó encara-la casuística de calquera lingua. No noso caso, unha tarefa especialmente espiñosa é explicar series enteiras de formas como *ben-andante* (ou *benandante*), *ben-erdado*, *ben-fadado*, *ben-quisto* (e os antónimos *mal-andante*, etc.), *bon-grado*, *bon-parecer*, *bon-semelhar*, *bon-sen* (e *mal-grado*, etc.), *meospreçar*, *meoscabar*, *ontredizer*, *entrellinar*, *senrazon*, *sen-conhocer*, *sobresynal*, *sobrepeliz*, etc., etc. ¿Hai aquí unha ou dúas palabras? Estas formacións, ¿están máis preto da derivación que da composición ou ó contrario?

²⁰ Cfr. R. Lapesa, *Formación e historia de la lengua española*, Madrid, 1943, p. 143.

²¹ Así, para Martinet, a diferencia esencial entre composición e derivación resúmese “bastante bien diciendo que los monemas que forman parte de un compuesto existen también fuera de él, mientras que de los que entran en un derivado hay uno que no existe más que en derivación, que se llama tradicionalmente afijo” (Martinet, p. 167). Dun xeito ou outro esta idea está en tódolos traballos sobre a composición. Recentemente, S. Malinar (“Formazione delle parole nelle opere di Guittone d’Arezzo”, *Studia Romanica et Anglicana Zagrabiensia*, XXVI (1981), 1-2, pp. 103-48), recoñece que “forse il meno problematico tra i molteplici criteri che i linguisti di volta in volta adottano per l’identificazione delle parole composte” é que “gli elementi che vi partecipano siano monemi autonome, cioè parole, dotati di significato lessicale” (p. 137). Do mesmo xeito, para Mattews, “la base para establecer una división entre composición y derivación es obvia: en *bocacalle*, tanto *boca* como *calle* son vocablos en sí, mientras que en un caso como *generación* el *-ión* final es puramente un elemento formativo —un “morfema inherente” carente de status propio como palabra” (Mattews, p. 51).

Obsérvese que isto non é unha cuestión superflua que discute problemas marxinais; decidírnos a incluír tales combinacións nun repertorio de palabras compostas supón acatarlo argumento morfolóxico que arriba rexeitabamos²². Faise inexcusable, pois, insistir un pouco máis na liña divisoria entre prefixación e composición, tendo moi presente que baixo a aparente uniformidade de toda palabra composta xace unha secuencia sintagmática de sentido completo²³. En realidade, en calquera dos procesos de formación de palabras pode constatarase a existencia de períodos sintácticos subxacentes, máis ou menos complexos segundo os casos²⁴. A posibilidade de aillalos semanticamente baséase no feito de que a relación 'unidade léxica-secuencia sintáctica' non ten as mesmas características nin implicacións en tódolos casos.

Seguindo a Dardano²⁵, podemos postular que, anque ligadas na súa estrutura formal, as consecuencias semánticas de composición e prefixación son moi distintas.

Un prefixo tradúcese na frase subxacente ó prefixado que o contén como un elemento *modal*, de escasa capacidade léxica, apenas a contida pola negación (galport. *desamor, escabeçar, desconforto, inpiadoso*), ou diversos adverbios e locucións adverbiais (*anti-, pre-, re-, co-, trans-, post-*).

Na frase subxacente a un composto hai, polo contrario, unha relación predicativa 'suxeito + predicado', co suxeito expreso nas combinacións nominais (galport. *capapel, boquitorto, ricome*, 'a capa é de pel', 'a boca é torta', 'o home é rico'), e elidido na composición de base verbal (gal. *papamoscas, furabolos, tornafumes*, '[o home que] papa moscas', '[o dedo que] fura bolos', '[a peza que] torna fumes')²⁶. Unha obxección

²² O deficiente tratamento que a gramática tradicional dá as formacións prepositivas segue, precisamente, ese argumento: "ateniéndonos al método tradicional, consideramos las palabras en que entran tanto preposiciones propias (contra-hacer, ante-cámara, sin-razón) como impropias (hiper-democracia) como palabras compuestas" (*GRAE*, p. 170).

²³ Tal perspectiva está en Darmsteter, p. 5, Dardano, pp. 5, 143-4, Martinet, p. 167, Guilbert, p. LVIIb, Rohrer, p. 182, Seijo Castroviejo, p. 206.

²⁴ É, precisamente, neste feito onde reside a enorme rentabilidade dos métodos de formación de palabras: "la capacità di passare dalla parola alla frase sottostante e di compiere il percorso in senso inverso é un fattore che fa della FP un procedimento vivo e produttivo" (Dardano, p. 9; vid. tamén p. 111).

²⁵ Conforme presupostos anteriores (Rohrer, Guilbert), Dardano aplica os principios da gramática transformacional ó estudio da composición e da formación de palabras en xeral. Para composición frente a prefixación, vid. especialmente pp. 111-7.

²⁶ "En el desarrollo de la teoría 'transformacionalista' (...) aunque *sordomudo* y *telaraña* son a nivel de 'superficie' compuestos sustantivos (N + N), semánticamente

lóxica sería que, na práctica, un *papamoscas* non é ‘un home que papa moscas’ ou que o valor de *ricome* non se pode limitar a ‘home rico’. Ora ben, as derivacións semánticas do esquema predicativo virtual de toda palabra composta son moi aleatorias e dependen só da natureza e propiedades significativas das bases en concreto.

Podemos establecer unha correlación

modalidade –PREFIXACION
predicatividade –COMPOSICION

en canto ó carácter das relacións que as unidades prefixais e compostas manteñen coas unidades sintagmáticas de base.

¿En que medida encaixan as formacións do tipo *ben-, mal-, sobre-, sen-,* etc. nesta argumentación?

En *capapel, ricome, caualfuste, osten antiga* hai dúas palabras; os seus monemas existen fóra da composición. Polo contrario, en *encalço, preçamento, deseruiço, oliueira, transmoleiras* só recoñecemos unha base léxica; *en-, pre-, de-, -eir()*, non existen sen unha “palabra” á que xunírense.

Pero, ¿cantas palabras hai en *sen conhecer* (adx. ‘necio, palandrán’), *sen-razon* (sust. ‘tolería, acto irreflexivo’), *ben-andante, maopecado, sobresynal...*? Aquí, os dous elementos existen autonomamente na lingua, anque é evidentemente arriscado propoñer –como fai a gramática tradicional–²⁷, que *sen* ou *sobre* sexan *palabras* ó mesmo nivel que *razón* ou *synal*. Deste xeito, se *sobre* ou *sen* non son palabras, *senrazon* e *sobresynal* non son palabras *compostas*, a pesar de que poucos lectores negarían que *sen* ou *sobre* teñan existencia na lingua. E dicir, stricto sensu, *sen* e *sobre*, non son *afixos*²⁸, sendo igualmente arriscado equiparalos a *re-, pre-, co-, des-*, e definir *senrazón* ou *sobresynal* como palabras *prefixadas*. Teoricamente estamos, pois, no límite entre dous procesos distintos de formación de palabras.

Con todo, hai factores, –morfolóxicos, pero especialmente semánticos–, que aconsellan achegar estruturalmente estas combinacións á prefixación.

pueden distinguirse [de *guardabosques*] de igual modo que las oraciones con complemento nominal (ej.: *el sordo es mudo*) lo hacen de las relativas (ej.: *el hombre que cuida los bosques*)” (Matthews, p. 200).

²⁷ Cfr. nota 22.

²⁸ “El paso de un monema de la situación de elemento de compuesto al de afixo se produce cuando este monema ya no es empleado más que en composición” (Martinet, p. 167).

A súa produtividade en procedementos formativos permite —como nos casos dos prefixos—, a creación de series horizontais e verticais de derivados:

gp. <i>ben</i>	{	-querer, -querença, -quisto -andar, -andante -fadado
gp. <i>sobre</i>	{	-celha -peliz -synal, -synalamento
gp. <i>mal</i>	{	-ferir -fazer, -feitor, -feitoria -leuar

Doutra banda, se aplicamo-lo criterio semántico arriba exposto, se poderá comprobar que, por moito que *sen* ou *sobre*, etc. teñan un maior alcance cós prefixos —porque estes son unidades dependentes e as preposicións son unha ‘crase de palabras’—, ó combinárense cunha base, a súa capacidade de variación semántica é igual de limitada cá dos prefixos, incidindo sobre a base nunha dirección simplemente modal. *Maltalhado* ou *sobrencelha* resultan de modificacións modais de *talhado* e *celha*, como *desamor* ou *engaiolar* de *amor* ou *gaiola*. *Senrazon*, como unidade, é un sustantivo ó nivel de *desconforto*, etc.

Consecuentemente, este tipo de formas, das que están inzado-los nosos textos medievais, non son palabras compostas e non deben ser recollidas nun repertorio tal.

Non existen, en realidade, máis fenómenos léxicos que poidan entrecruzarse seriamente na delimitación da palabra composta fronte á derivada. Na formación adverbial románica en *-mente* —na súa orixe un esquema composto—, non queda xa a máis mínima conciencia da independencia léxica de *mente*; trátase, pois, de *-mente* e non de *mente*, cumpríndose o paso á afixo dun monema inicialmente autónomo²⁹.

2.2. *Palabra composta e sintagma fixo*

Outro problema teórico e metodolóxico preséntano as formacións constituídas por elementos independentes da lingua que, dun lado, ofrecen un significado unitario —que vai alén da adición semántica dos com-

²⁹ Cfr. nota 28.

poñentes— pero, doutro, non se axustan morfoloxicamente ó comportamento dunha palabra simple, como fan as palabras compostas características: *caixa forte*, *garda civil*, *home rá*, *chave inglesa*, ou galport. *osten antiga* ('procesión pantasmal'), *porco brauo* ('xabarín'), *verv'antigo* ('refrán, proverbio').

Semanticamente falando, atopámonos ante un sintagma cun significado propio que lle confire unha unidade paradigmática como a de calquera palabra. Este proceso pode localizarse na xénese de toda palabra composta. Emporiso, mentres nuns casos a frecuencia de uso e o maior ou menor grado de xeralización, diversas condicións fonéticas, os criterios selectivos, en fin, da colectividade lingüística, posibilitaron a soldadura morfolóxica definitiva dos compoñentes dun sintagma dado, de xeito que falamos dunha palabra composta, noutros casos non se acadou tal unidade morfolóxica, presentando os sintagmas plurais concordados —*caixas fortes*, *gardas civiles*, e non **caixafortes*, **gardaciviles*, ou galport. *lugares tenentes*, hoxe *lugartenentes*—, variacións xenéricas significativas —galport. *filho/a dalgo*, hoxe *fidalgo/a*— e independencia gráfica —*boca de rego*, frente a *bocacalle*, galport. *osten antiga*, hoxe *estantiga*—.

Como se verá, diacronicamente a fusión morfosemántica cúmprese nalgunhas formas. Noutras, o estado morfolóxico do sintagma inicial mantense, por máis que este acade un valor semántico *sintético*, como *unidade*, fóra do valor *analítico* das *unidades* en concreto.

Así pois, incluír ou excluír estas formacións da categoría *palabra composta* depende só dos criterios que primen na análise. Desde o punto de vista estrictamente práctico é facilmente recoñecible en moitas linguas un espazo no que os elementos léxicos se moven entre o encontro sintagmático e a unidade paradigmática³⁰, que pode ser obxecto de diversos tratamentos.

A gramática tradicional fala de *compostos improprios*, con criterio exclusivamente morfolóxico, xa que ámbolos dous elementos reciben accidentes gramaticais³¹. Dardano refírese a este espazo como *conglomerati*,

³⁰ Este área de creación léxica non é exclusivo das linguas románicas. Matthews da moitos exemplos do inglés, pp. 46-8, 201 e ss. Para este autor “podemos efectivamente dicir de alguen que es *a great cheese-eater* (un gran comedor de queso) o *meat-eater* (comedor de carne), pero non estamos tan seguros si afirmamos que es un gran *butter-eater* (comedor de mantequilla) o menos aún un *egg-eater* (comedor de huevos) y, ¿por qué no, si de hecho existe gente que ingiere enormes cantidades de huevos?. No hay una clara respuesta, excepto que *cheese-eater* ha adquirido carta de naturaleza en la lengua inglesa” (Matthews, p. 206).

³¹ Cfr. DTF, s.v. *composición*.

seguinto a Guilbert, para quen serían *éléments de phrase agglomérés*³².

Carvalho propón unha sistematización consecuenta cos feitos léxicos, polo menos no ámbito románico, graduando os modos de existencia das unidades en tres estratos que, de seu, resumen a xénese a evolución das palabras compostas: *sintagma libre*, *sintagma fixo*, que participa “das propiedades simultaneamente da palabra e do verdadeiro sintagma” (Carvalho, p. 506) e *palabra composta*³³: [unha muller] de touca negra'-unha touquinegra'-touquinegra' ('monxa'), [a hora] enpós da sesta'-a enpos sesta'-a enposesta' (a última hora do serán).

Polo seu parentesco xenético e estrutural coas palabras compostas, en definitiva, recollemos no noso repertorio estas formacións baixo a categoría de *sintagmas fixos*, anque en termos de descripción sincrónica se pode falar tamén de *conglomerados*, *elementos aglomerados*, etc.

3. PALABRAS COMPOSTAS EN GALEGO-PORTUGUES

Ó igual que son variados os criterios delimitativos das palabras compostas, son tamén distintos os modos de clasificalas. Ocorre que moitas veces as tipoloxías abstraen notablemente os feitos da realidade, obvian-do ou esquecendo elementos clasificatorios “incómodos”, fenómenos individuais ou asistemáticos que non encaixan nos intentos de xeralizacións;

³² Cfr. Dardano, p. 144; para Guilbert, “la transformation de la proposition du discours en unité lexicale, qui constitue le critère essentiel pour distinguer le terme composé du syntagme libre, n'apparaît pas toujours avec la même évidence. On peut établir une hiérarchie dans les composés selon le degré de cohésion qui unit les éléments composants (...) enfin, à la limite du syntagme libre des groupements phraseologiques en voie de lexicalisation comportent des éléments dont la cohésion est fondée sur une unicité sémantique, sur la répétition par le locuteurs, et dont le degré de lexicalisation se traduit par la plus ou moins grande réceptivité à les éléments étrangers aux termes de la séquence syntaxique habituelle” (Guilbert, p. LVIb). Véxase tamén o tratamento de Matthews para o inglés, pp. 46-48.

³³ A cuestión amósase de dúas formas distintas en Carvalho. Historicamente, hai “uma gradação no sentido de que os termos do que era inicialmente um sintagma livre, se imobilizaram com o decorrer dos tempos, numa combinação cristalizada que constituiu um sintagma fixo, do qual resultou posteriormente por uma soldagem mais íntima desses termos, uma nova entidade já não analisável em entidades menores sucessivas, isto é, uma palavra”. No plano sincrónico “a referida distinção equivale por sua vez à afirmação da existência contemporânea num idioma dos mesmos três graus” (Carvalho, p. 506).

e moito nos tememos que é neste esbaradizo campo onde nos moveremos se propoñemos unha clasificación das unidades deste traballo.

Ademais, outra cuestión sería ¿por que unha clasificación?, anque é ben certo que as grandes tipoloxías de palabras compostas permiten establece-las predileccións da lingua por combinaren certas unidades e non outras, ou por tenderen a renovar certas categorías morfolóxicas e non outras. Poden describir tamén os diferentes estadios das relacións que as palabras simples coñecen para formaren palabras novas.

Por razóns metodolóxicas, de claridade e extensión, imos presentar unha *ordenación*, máis que *clasificación*, das nosas palabras compostas conforme á categoría morfolóxica dos compoñentes, que, ademais dun xeito cómodo e razoablemente coherente de agrupa-las formas de entre os métodos posibles, ven sendo habitual como forma de presentación nos últimos traballos sobre palabras compostas.

Aínda así, debe quedar claro que as posibilidades tipolóxicas son máis amplias e dependen en todo caso dos criterios que primen na análise teórica e que, por outro lado, é moi difícil, e ás veces innecesario, aillalos resultados léxicos en canto a premisas exclusivas (semánticas, morfolóxicas, fonéticas), xa que a realidade demostra constantemente que todas esas categorías se entrecruzan en cada caso concreto³⁴.

Así pois, ei-la ordenación das formas encontradas nos textos galego-portugueses³⁵:

3.1. Palabras compostas

3.1.1. *Composicións nominais*

3.1.1.1. Sustantivo + sustantivo

CAPAPEL, CAUALFUSTE, FOUCELEGON, LUBUS OME, MESTRESCOLA, OURO FRÉS

3.1.1.2. Sustantivo + adxetivo (con *-i-* vocal de unión)

AVEZIBŌO/MAO, BOQEMOLLE, BOQUITORTO, RABIALCADA, TOUQUINEGRA.

3.1.1.3. Compostos sintácticos.

³⁴ A discusión de Darmesteter sobre os criterios semánticos e a consecuente distinción entre compostos *elípticos* e *xustapostos* ou *sintácticos* xa é clásica (Darmesteter, pp. 1-19). Unha aplicación práctica dos criterios morfolóxicos ('categoría di partenza' e 'categoría di arrivo') en Tekavčić, pp. 198-9.

³⁵ A relación de textos expurgados dase na bibliografía.

a) *Sustantivo + adxetivo* (concordados)

MANCOMUN, MALEUA, OME-LIGE.

b) *Compostos prepositivos*

ENPOSESTA, FILLODALGO, FODESTALHO, FUDUDANCUA, MANAMAN.

3.1.2. *Composicións verbais*

FAZFEIRO, FODIMALHO.

3.1.3. *Formas falsas ou dubidosas.*

BARUACAA, FALCACRUA, PEDILOLO, PERAFUSO, TRAGAZEITE.

3.2. *Sintagmas fixos*

GRANDE ALGO, LUGARTENENTE, OSTEN ANTIGA, PORCO BRAUO, RICO OME/RICOME, TORNA (DE) UODAS, VERV'ANTIGO.

3.1. *Palabras compostas*3.1.1. *Composicións nominais*3.1.1.1. *Sustantivo + sustantivo*

CAPAPEL: CGC I 44.42

Composto construído pola soldadura de dous sustantivos, que significa exactamente o que a adición dos seus compoñentes, 'capa de pel'. Aínda que sen constatación nos textos, hai que supoñer un pl. *capapeles*.

É formación antiga. Lorenzo atópaa nun texto latino de 1232: *meam cappam pellem de Burneta*. No castelán, o pl. *cappas pielles*, que indica unha fusión aínda relativa, está na *Primeira Crónica General* (c. 1258), frente ó sg. *capapiel*. Pero en 1351 pode lerse xa *capapieles de blanqueta*³⁶. Eluc., s.v. *cappa-pelle*, declara "uma capa forrada de peles, como hoje se custume forrá-la de arminhos", e trae máis exemplos antigos³⁷. Moraes, I, s.v. *capapelle*, especifica cronoloxicamente "vestidura antiga do tempo del-Rei D. Affonso Henriques". Está tamén en Coelho (s.v. *cappapelle*). No gal. só DEGC trae *capa de peles*, na entrada *capa*,

³⁶ CGC II, s.v. *capapel*.

³⁷ "João de Janua diz 'capa-pellis: quasi pellis cum capa. It.: Dominico Alfonsi Cappam-pellem, e almucellam, et pulvinar, quod tenet" (ano 1246).

e non coma palabra independente. Un composto de estrutura semellante no gal. actual é *capadril*³⁸.

CAUALFUSTE: CGC I 661.9

Sustantivo composto de estrutura idéntica a *capapel*, que elide, polo tanto, unha relación de posesividade, ‘caualo de fuste’³⁹. De feito, nunha ocasión atopamo-lo sintagma *caualo de fuste*, dous folios despois da palabra composta, alternancias que amosan a pouca regularidade do fenómeno.

Teríamos, xa que logo, un *c a b a l l u s f u s t i s* –coa acepción máis antiga *fuste* = ‘madeira’– e así ‘cabalo de fuste, de madeira’, naturalmente pola semellanza da peza cun verdadeiro cabalo. Lorenzo define máis ó miúdo “pieza de los guadarneses que se compone de dos tablas juntas a lo largo de modo que formen lomo, las cuales elevadas sobre cuatro pies sirven para tener las sillas de manera que no se maltraten los fustes”⁴⁰.

Cabalfuste, *cavalfuste* aparecen nos dicionarios galegos e portugueses. En cast., *cabalhuste*⁴¹.

FOUCELEGON: CEsc 295.8

Sustantivo masculino, composto claramente polos sustantivos *fouce* e *legón*⁴². Hápax, con toda seguridade.

Se ben que a composición externa resulte moi clara, non así o seu significado. Lapa, tras recoñecer que “não anda registado nos dicionários”, interprétao como “o ralo ou grilo ceboleiro que dá cabo das hortas”, sen explica-la súa orixe⁴³. En principio, pode pensarse que, xa que tanto *fouce* coma *legón* son apeiros, a súa xustaposición debería designar un instru-

³⁸ Cfr. A. Cunqueiro, *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, Galaxia, 1961, p. 94.

³⁹ *Fuste*, nun principio ‘madeira’ (cfr. CGC II, s.v. *fuste*, *DRAE*, *DEEH* 3002, etc.) por extensión do seu valor orixinal *f u s t i s*, ‘pao, bastón’. Nas *Partidas* aparece xa co sentido ‘madeira’ (cfr. *DCECH*, II, s.v. *fuste*). Por especificación pasou logo a designar cada unha das dúas pezas de madeira que ten o aparello de montar. No gal. actual, *fuste* ten distintos valores relacionados con ‘madeira’ (cfr. García, s.v.).

⁴⁰ CGC II, s.v. *cavalfuste*.

⁴¹ *Cabalfuste* en *DEEH* 1212. *DRAE*, s.v. *cabalhuste*, “caballete, pieza del guadarnés”.

⁴² *Legón* corresponde a unha forma exclusiva do dominio ibérico, *l i g o n e m*, que pode encontrarse en cast. dial., valenciano, arag., (aquí con cambio de xénero como o galego *ligoña*, *legoña*), galego (con moitas variantes, cfr. Carré, Franco, *DEGC*, García) e port. miñoto.

⁴³ *CEsc*, p. 442 e Vocabulário, p. 47.

mento labrego que, xa na configuración externa, xa no seu uso práctico, lembrese a unha *fouce* e un *legón* (como o *fouce-gata* ou *foucelanza* de *DEGC*, Carré, Franco, García), e que na cantiga aparece usado en sentido metafórico. E difícil imaxinar, nembargante, un apeiro de tales características, que requiriría para o seu manexo dunha pericia pouco común. Doutra banda, o contexto no que se atopa o nome⁴⁴ cádralle moi ben á idea de Lapa. Deste xeito, *foucelegón* sería un insecto perxudicial que fura as raíces e a terra arredor das plantas, como o faría un *legón*, para logo cortalas como unha *fouce*. En opinión de Corominas, debe ser palabra inventada por Martín Soares, autor da cantiga (cfr. *DCECH*, III, s.v. *legón*). Isto explicaría que sexa un hápax e que non ande nos dicionarios.

LUBUS OME: Vid. F. I 38.5

Sustantivo composto de *lubus*, con aparente conservación do nominativo, e *ome*.

Non é preciso insistir no seu significado: o home que, sometido a un feitizo maligno, vagabundea as noites de lúa en busca de presas, convertido en lobo⁴⁵. Obsérvese, de tódolos xeitos, que no composto o elemento determinante —semanticamente máis característico—, precede á base do significado, isto é, o *home* —significado básico—, que se convirte en *lobo* —elemento caracterizador—. Polo contrario, en cast. hai *hombre lobo*, que é un sintagma fixo e non unha palabra composta. E dabondo sabido que o mito de licántropo é, se non de orixe (moi antiga, probablemente indoeuropea, xa que era crenza de gregos, *lykánthrōpos*, e romanos, *versipellis*), si de expansión xermánica e que debe espallarse por Europa na medida aproximada das invasións⁴⁶. Por esta razón, non debe ser casual que só

⁴⁴ Atopámolo acompañado do adx. *verde* e referido ó xograr Lopo que, como tal insecto, pensa “em viver regaladamente dos estragos que causa” (CEsc, *ibid.*). A cantiga di:

Come verde foucelegón
cuidas tu i a guarecer
por nojos; mais non é sazón
de ch'os querer omen sofrer.

⁴⁵ Referencias etnolingüísticas abundantes en Leite de V, VII, pp. 60-1, 111-2, 294, 440-1, 581-2, etc.

⁴⁶ En realidade, as propias formas hispánicas *lobisome*, *hombre lobo*, etc. semellan calcos do xerm. fránico *WERWULF o WEREWOLF, onde o primeiro elemento corresponde a un xerm. WERA- ‘home’, que nin en inglés nin alemán se conservou autonomamente (e que ten relación con outras formas indoeuropeas como o mesmo lat. VIR). De aquí, *WERWULF, ó al. moderno *Werwolf*; e ó ant. fr. *garwall*, *garwalf*, *wareul*, fr. actual *garou* ou *loup-garou*. Cfr. P. Scardigli, -T. Gervasi, *Avvia-*

no dominio galego-portugués —onde a impronta xermánica é no etnolóxico máis que superficial—, o concepto ‘licántropo’ conte cunha palabra única para designalo. O cast. ten un sintagma, *hombre lobo*, e no catalán nin sequera hai un termo específico⁴⁷.

Tanto en galego coma en portugués o vocable pervive con vitalidade. Aparece irregularmente rexistrado; a forma *lobis(h)ome(m)* —común a galego e portugués—, parece se-la única do port. actual, mentres que *lubusome*, *lobusome* é característica do galego⁴⁸. Estas formas con /u/ —irregulares en canto ó resultado habitual de ũ—, e a conservación, tanto en galego coma en portugués, do -s final, apuntan cara a pervivencia morfolóxica do nominativo l u p u s. En *DCECH* pártese, de feito, dunha alteración directa do dobre nominativo l u p u s h o m o (e non, entón, do acus. h o m i n e m), para explica-las variantes *lobusome*, *lubusome* e *lobisome*⁴⁹. Con todo, non convén esquecer que as vocais ou consonantes que nas palabras simples teñen comportamentos regulares, ó entraren a formar parte de compostos, presentan, por razóns principalmente acen-tuais, distintas irregularidades. A mesma alternancia o/u presenta outro composto galego estruturalmente moi semellante ó que comentamos: *lobicán/lubicán*; en *lobo* o o é tónico, pero en *lobusome*, *lobicán* é átono.

mento all'etimologia inglese e tedesca, Le Monnier, 1978, s.v. *werewolf*; *REW* 9524b; Bloch-W, s.v. *loup*, *louve*.

⁴⁷ O Pare Llop pirenaico é outra cosa: un home salvaxe que comanda ós lobos, mais sen ser licántropo (cfr. Alcover, 7, s.v. *llop*). O *lupomannaro* ou *lopomannaro* (< *l u p u h o m i n a r i u) da Italia meridional é de ámbito moi reducido e dialectal (cfr. *DEI*, s.v. *lupomannaro*, *Lessico*, XII, s.v. *lupo*).

⁴⁸ Os dicionarios modernos do port. traen *lobisomem* (*DLP*). O único rexistro da forma con u nesta lingua é o de Moraes, que da *lupisomem*. Para o gal., atopamos *lobisome* en Carré e Franco, quen inclúe ademais *lobusome*. Con todo, debe ser palabra en desuso xa que falta en García (aunque rexistra *lobicán* e *lubicán*). *CDG*, p. 66, presenta *lobusome* e *lobisón*, este último co significado de ‘home que se converte en can segundo a crenza popular’ e que ten evidentemente a mesma orixe l u p u s h o m i n e m / h o m o. Corominas, por certo, (*DCECH*, III, s.v. *lobo*) cita *lobisón* en dialectos arxentinos e uruguaios e o remite ó port. *lobisomem* a través do port. dial. *lambuzão*, variante asegurada por Gonçalves V, II, p. 56, que a sitúa nas Azores, suxerindo que “é possível que seja alteração fonética de *lupisomem*, com aproximação ao verbo *enlambuzar*, ou ao sustantivo *lambaz*”. Máis fácil sería pensar na emigración do *lobisón* galego que cita *CDG*, aínda que é tamén posible que precisamente en galego sexa un americanismo.

⁴⁹ Para unha explicación etnográfica e lingüística detallada o propio *DCECH* remite a Lang (*ZRPh*, XIII (1890), pp. 217-19) para o port. e Risco (*RDTP*, I (1945), pp. 514-33) para o galego.

MAESTRESCOLA: Vid. F.I 144.10. MESTRESCOLA: Vid. F.I 143.29.

É con seguridade préstamo do francés (cfr. Bloch-W., s.v. *maître*, Machado, II, s.v. *mestre*), onde *maistre escole* designaba un cargo docente propio da Idade Media, que desempeñaban os coengos ou dignidades da Igrexa, impartindo as disciplinas medievais, nas *scholae* eclesiásticas⁵⁰. Con este valor penetra na Península dende o séc. XIII⁵¹. Hoxe, o nome *mestrescola* é unha reliquia, xa que desapareceu hai moito o cargo que designaba, anque tódolos dicionarios seguen recolléndoo⁵². O derivado *mestrescolía* que ten o castelán énos descoñecido no galego.

Polo demáis, os compostos cun primeiro elemento procedente do lat. m a g i s t e r son dabondo coñecidos nas linguas romances⁵³.

OURO FRES: CrTr I 255.36. CrTr II 132.26.

Composto dos sustantivos *ouro* + *fres*, este último de etimoloxía incerta⁵⁴, que non é de creación hispánica senón galorromance, ant. fr. *orfreis*, *orfrois*, ant. prov. *aurfres*⁵⁵, que significa “tecido con encai-

⁵⁰ Moraes, II, s.v. *mestre-escola*, explica “dignidade dos cabidos, o qual é obrigado a dar lições de Grammatica, Theologia &c”.

⁵¹ Para o galego-portugués, Machado, II, s.v. *mestre*, o atopa en 1320 na forma *maestrescola* e en 1445 *meestre escolla*. Os nosos exemplos corresponden a documentos de 1347, 1461 y 1464, respectivamente. DCECH, III, s.v. *maestro*, documéntao en 1290 para o castelán.

⁵² *Mestre de escola, mestre d’escola, maestro de escuela*, etc., son sintagmas modernos e se refiren ó concepto ‘docente de nenos’ en xeral. Cfr. neste sentido, TLC, s.v. *maestrescuola*: “unas veces se toma por el que enseña a los niños a leer y escribir; otras por la dignidad que tiene ese nombre en iglesias o catedrales, y preeminencia en la universidad o estudio”.

No gal. está rexistrado en DEGC —onde hai ademais unha explicación deste antigo cargo—, e Franco, námbolos dous s.v. *mestrescola*.

⁵³ Cat. *mestre d’obres, mestre d’hostal, mestre sala, mestre de ball* (Alcover); it. *maestro d’ascia/mastrodascia, maestro d’hostello*, logud. *maistro d’ascla*, calabrés *masturdascia* (DEI), gal. e port. *mestre sala, mestre de danza*, etc.

⁵⁴ Está fóra de discusión a hipótese AURUM PHRYX, AURUM PHRYGIUM > baixo lat. A. f r i s i u m, f r e s u s, a causa da afamada habilidade dos frixios e outros pobos da Asia Menor para bordar e facer encaixes con ouro (cfr. Raynouard, I, s.v. *aur*, Bloch-W., Gamillscheg, s.v. *orfroi*). Mais nesa etimoloxía crúzase o sust. *friso* (fr. *frise*, it. *friso, fregio*, etc.), na orixe ‘banda ou cinta de adorno, galón’, que ten a mesma etimoloxía hipotética. Deste xeito, *ouro fres* ‘friso, banda ou, en xeral, tecido con encaixes de ouro’ (Bloch-W., Gamillscheg, s.v. *frise*, DCECH, II, s.v. *friso*).

⁵⁵ Cfr. Bloch-W., *ibid.*, Godefroy, 5, s.v. *orfrois*, da quince variantes antigas,

xes ou bordados de ouro' e tamén 'banda ou friso' de tales características⁵⁶. E voz antiga tamén no castelán, onde se pode atopar no séc. XIII (*orfrés*, segundo *DCECH*, IV, s.v. *oro*). Actualmente aparece nunha estrutura compositiva distinta: *orifrés* en *DRAE*, 'galón de oro o plata'.

Evidentemente trátase dun arcaísmo. Dos dicionarios galegos, só Carré da *ourofrés*, "galón de oro", con asterisco de arcaico.

3.1.1.2. Sustantivo + adxetivo (con -i- vocal de unión)

Hai un grupo relativamente numeroso de compostos nominais de sust. + adx. nos que aparece unha vocal -i- de unión entre as bases. Como se verá, son compostos sistematicamente 'posesivos'; deste xeito, a vocal de unión é, de feito, un formativo de 'posesividade'⁵⁷.

AVEZIMAO: CSM^a II 346.33. AVIZIMAO: CEsc 249.14. CSM^a I 127.9, II 329.36. AVIZIBOÕS: DG I 77.27. VEZIBOÕ: DG I 398.23

Extraño composto de base móvil *boõ/mao*, antigo e que non perviu, anque parece bastante frecuente e coñecido nos textos. De feito, esta palabra "não é ignorada por ninguém que se ocupe dos textos antigos"⁵⁸. Lapa interprétaa como 'infeliz, desgraçado' e está no certo, aínda que non explica a etimoloxía, o que si tenta Machado⁵⁹, ó relaciona-lo núcleo fixo do composto, *vez-/viz-* co sust. v i c e m, defectivo, 'turno, volta', e tamén 'suceso', de onde o gal., port., cast., *vez*, cat. *vece*, fr. *fois*, etc. (cfr. *REW* 9307). A hipótese de Piel faise máis fácil e está mellor argumentada. Sintetizando opinións de autoridades como J. Cornu (*Romania*, X (1881), p. 76), C. Michaëlis (*Dispersos*, pp. 9-11 e 19-20) ou Menéndez Pidal (*Voc. Cid*, p. 489), Piel relaciona o escuro compoñente *aviz-/avez-* (sen a segmentación *a-viz/a-vez* que fai Machado) con a v i s, "a crença em aves de mau e bom agoiro era muito conhecida na Idade Média" (Piel, p. 212, cfr. *Dispersos*, p. 20). O composto contaría entón cunha base a v i c e m, de *a v i x, analóxico de CORNIX, PERDIX (cfr. *Dispersos*, p. 10). A relación desta forma a v i c e co sust. do cast.

moita documentación e toda a familia léxica (*orfroié*, *orfrété*, *orfroisier*, etc.). Para o prov., ademais de Raynouard, cfr. Mistral, II, s.v. *orfrés*, *orfro*.

⁵⁶ Cfr. Parker, p. 53; *DRAE*, s.v. *orifrés*, "galón de oro o plata".

⁵⁷ Encol deste tipo de compostos, abundantísimos nas linguas románicas, véxase García Lozano, Tekavčić, pp. 202-4, Menéndez Pidal, pp. 240-1, e antes, nota 12.

⁵⁸ Piel, p. 210.

⁵⁹ CEsc, p. 378 e Machado, I, s.v. *aveziboo/mau*.

ant. *auçe*, *abçe*, *abze*, ‘ventura, sorte’ (*Voc. Cid, ibid.*), e con outros adxetivos do galego-portugués como (*mal*)*avegoso*, (*mal*)*avesinho*, avala esta hipótese. Puido crearse, pois, unha conexión semántica ‘ave-sorte’, perfectamente posible no mundo medieval, da que xurdiría o extraño composto que nos ocupa: ‘de boa/má ave = de boa/má sorte’, *aviziboõ/avizimao* (cp. cast. ant. *la buen auze/auze mala*, *Voc. Cid, ibid.*).

Outros autores preocupáronse tamén pola etimoloxía do composto. Baist —con máis imaxinación que outra cousa—, propuxo para o cast. *auze* o grupo de letras ABC, partindo do valor cabalístico das tres primeiras letras do alfabeto⁶⁰.

En calquera caso, estamos diante dun composto posesivo con *-i-* vocal de unión (como *boquitorto*, *touquinegra*, etc.). Non temos noticia da súa pervivencia nin do seu rexistro en dicionarios, se exceptuamos a Moraes (I, s.v. *avessimao*), quen demostra non coñecelo directamente, xa que, tomándoo dunha obra de Gil Vicente, o interpreta como “palavra cómica”, crendo que significa “ave de mao agouro”.

BOQEMOLLE: Trat 233.276,283.

A pesar da grafía con *e*, é un composto que corresponde claramente ó tipo dos posesivos: ‘de boca mol, frouxa’ (cp. o mesmo Trat 254, *se o cauallo ouuer a boca mole*).

A serie de compostos cunha base *boca* é moi rica no léxico hispánico: *boquiaberto*, *boquifundido*, *boquibrando*, *boquiduro*, *boquifresco*, *boquinegro*, *boquitorto*, etc., no gal. e port., atopándose no castelán clásico formas de grande expresividade: *boquiconejuno*. *Boquimuelle* existe tamén no cast.⁶¹

No gal. e port., *boquimol* parece ter conservado o significado propio da albeitaría, é dicir ‘o cabalo brando ou sensible de boca’. Franco e Carré, por certo, inclúen a forma *boquemole*, que apunta, quizais, á conservación do xen. *b u c c a e*, nun composto de formación evidentemente antiga. O segundo elemento do composto, o adx. *mol*, está noutros compostos como “*ollomol*” (e non *ollimol*).

⁶⁰ Cfr. A. Castro, “Adiciones hispánicas al diccionario etimológico de Meyer Lübke”, *RFE*, V (1918), pp. 21-42, p. 23.

⁶¹ Cfr. *DRAE*; en *TLC*, s.v. *boquimuelle*, “el caballo que siente demasiado el freno y se lastima con él”. Modernamente, pode significar en sentido figurado “persona fácil en decir lo que debiera callar” (cfr. *RFE*, III (1916), p. 410).

BOQUITORTO: CSM^a I.61 (ó pe da miniatura que acompaña á cantiga)

Outro composto de estrutura posesiva sust. /i/ adx., ‘de boca torta’, anque con certa connotación negativa: ‘traidor, indesexable’⁶².

Aparece xeralmente rexistrado. Modernamente, falta en *DLP*; para o gal. tampouco o inclúe García.

RABIALÇADA: CESC 384.2

Adxetivo composto, de intención claramente cómica e satírica, que deixa constancia da ocasional potencialidade expresiva da composición de palabras⁶³.

Aínda habendo outros compostos con *rabo* nos dicionarios⁶⁴, *rabialzada/rabialçada* non aparece en ningún caso, polo que non pode descartarse a posibilidade de que sexa un invento ad hoc de Pero García Burgalés, autor da cantiga.

TOUQUENEGRA: Vid. F.I 72.34. TOUQUINEGRA: CESC 36.10.

Sustantivo composto de estrutura idéntica ós anteriores: ‘de touca negra’⁶⁵ e así ‘relixiosa, monxa’, como nas nosas documentacións: *ou touquinegra, ou monja ou freira* (CESC); *Mayor Lourença, miña filla, touquenegra de Sadur* (Vid. F.).

O composto é exclusivo do galego-portugués⁶⁶ e debeu gozar de ampla difusión antiga, a suficiente para que apareza en dous textos tan distintos: unha cantiga de *escarnho* de A. Eanes do Cotón e un documento notarial de Montederramo, do ano 1314. Non obstante, parece non ter quedado rastro do vocable en gal., de facermos caso dos dicionarios, que en ningún caso o inclúen. En canto ó port., é seguro que este *touqui-*

⁶² De feito, a ilustración amosa a un *vilao boquitorto*, protagonista da cantiga.

⁶³ O adxetivo “animaliza” a María Negra, a través da imaxe de evidente intención sexual dunha femia co rabo erguido. A mesma María Negra aparece satirizada noutras cantigas de García Burgalés polo seu incontenible apetito sexual.

⁶⁴ *Rabilongo* en Carré, Franco e *DEGC*. García trae ademais as variantes *rabolongo* e *rabilonco*. *Rabisaco* (‘xeneta’) aparece tamén xeralmente.

⁶⁵ *Touca* (*touga* en *Eluc.*), sustantivo que designa varias prendas, especialmente femininas, para adornar ou tapa-la cabeza é voz de orixe incerta, anque si se sabe que é hispánica. Apúntase ó persa ou árabo-persa *taq* (o propio *Eluc.*, “persa *táquia*, barrete ou carapuça”), vasco **tauka*, de onde *taika* (*REW* 8601a) e mesmo a algunha lingua céltica (Coelho, Silva, *DRAE*). Vid. tamén *CGC* II, s.v. *touca* e *DEEH* 6593.

⁶⁶ Non así a imaxe, xa que en Berceo —segundo Lapa—, se pode ler *la toca negrada* co mesmo significado.

negra é a orixe do *toutinegra/tutinegra* actual —como xa intuíu Lapa⁶⁷—, sustantivo que designa un paxaro (gal. *carriza*, *papuda*, cast. *curruca*, en port. tamén *felosa real*, *carapuço*, *picança*, *fulecra*) de cabeza negra ou escura⁶⁸, o que obviamente explica a identificación —quizais en orixe irónica— *touquinegra* /‘monxa’/ - ‘paxaro de cabeza negra’. O cambio /k/ > /t/ (*touquinegra* > *toutinegra*) debeuse á asimilación, que en opinión de Lapa foi “reforzada pela influência de *toutiço*”⁶⁹, gal. *toutizo*, *toutiso*, derivado de *touta*⁷⁰; na nosa opinión, polo contrario, este *toutizo* debe resultar da asimilación comentada *touca* > *touta*, foneticamente, e semanticamente da ampliación do significado restricto de *touca*, ‘prenda para a cabeza’, no de ‘cabeza’, en xeral, e así *toutizo*, ‘curuto da cabeza’.

Hoxe *toutinegra* é corrente en portugués e aparece en calquera dicionario. En Madeira pódese oír *totinegro*, referido ó macho⁷¹.

3.1.1.3. Compostos sintácticos

Este tipo de compostos ‘sintácticos’, no que incluímos combinacións de ‘sustantivo + adxectivo’ e composicións ‘prepositivas’, presenta unha estrutura que resulta da fusión morfolóxica dun sintagma que está dentro das leis sintácticas habituais. Nos compostos nominais comentados ata agora, como *foucelegón*, *lubus ome* ou *boquitorto*, *rabialçada*, as unidades simples únense a despeito da sintaxe ordinaria, tendo que buscar-mo-la clave da súa relación nun núcleo sintáctico-semántico que está fóra do composto mesmo (‘a fouce é como un legón’, ‘o home é un lobo’,

⁶⁷ CEsc, p. 68.

⁶⁸ Noutras denominacións románicas aparece tamén a imaxe ‘cabeza negra’: *tallerol capnegra* en cat., *curruca cabecinegra* en cast.

⁶⁹ CEsc, *ibid.*

⁷⁰ Cfr. *toutizo* en García, con valor figurado. Polo que respecta a *touta*, en port. popularmente ‘cabeza’, acepción antiga que aparece rexistrada xa en Bluteau, quen a sitúa en Entre-Douro e Minho inicialmente, é perde-lo tempo busca-la súa orixe en *capita*, plural de *caput*. Machado, III, s.v. *touta* dubida xa desta etimoloxía, proposta nun principio por J. Cornu e mantida logo por Gonçalves V, II, pp. 182 e 492-3, e Silva, s.v. *touta*, A. Nascentes, *Dicionário etimológico da língua portuguesa*, 1932, vol. I, s.v. *touta*, etc. Para Gonçalves Viana, “é sabido que *toutinegra* significa tamén ‘cabeça negra’, *capite nigra*” (p. 182). A etimoloxía e evolución que propón é pura imaxinación: “*toutinegra*, isto é, *capite nigra* > *capite nigra*, *cautinegra*, *toutinegra*. A palabra *toutiço*, significando ‘o alto da cabeza’ é pois *capiticium* e *touta* é *evolução* de *capita*, pl. de *caput*” (pp. 492-3).

⁷¹ Gonçalves V, p. 492.

etc.). Polo contrario, en *mancomun* ou nos sintagmas prepositivos *fodestallo* (< *fode a (d)estallo*), *manaman*, certas unidades, tras combinárense perante moito tempo en esquemas sintácticos habituais, chegan a fundirse en unidades léxicas que son xa tratadas como palabras simples. A esta dobre posibilidade refírese Darmesteter ó falar de compostos *elípticos* e *xustapostos* (cfr. nota 34).

a) Sust. + adx. (concordados)

MANCOMUN: Vid. F. II 449.12

Sustantivo usado xeralmente na locución *de mancomún*, que significa ‘de mutuo, común acordo’, formado claramente de *man* e *común*⁷²; trátase dun composto, no que o sust. *man* aparece —como noutros compostos que veremos—, como símbolo do espírito ou talante do home, dende unha expresión orixinariamente física.

O vocablo existe en toda a Península (cast. (*de*) *mancomún*, port. (*de*) *mão comum*, cat. (*de*) *mancomú*, co valor sinalado e é a orixe dalgúns derivados verbais: *mancomunar*⁷³, e daquí os nominais *mancomunidade*, port. *mancomunação* (derivación do séc. XVIII, segundo Machado II, s.v. *mancomunar*), *mancomunadamente*, etc. Non deixa de ser raro que case ningún dicionario, nin galego nin portugués, rexistre o composto orixinal *mancomún*⁷⁴ cando é voz ben coñecida actualmente por calquera labrego, especificamente referida a montes ou terras de propiedade colectiva.

MALEUA: CGC I 821.9 (máis documentacións en CGC II, s.v. *maleua*).

Sustantivo feminino, seguramente deverbais de *malevar*, *mallevar*, de *m a n u m l e v a r e*. A composición é común a cast., prov. *manlevar*, cat. *manllevar*, ant. it. *mallevere*, gascón, vasco-español, etc.⁷⁵.

⁷² É fantasiosa a etimoloxía de García de Diego (*DEEH* 4036) *m a g n u m c o m m u n e*, ‘a maioría’, que daría o fr. *maint comun* e de aquí ó cast. (*de*)*mancomún*.

⁷³ “Ajustar, tratar, convencionar” en Moraes, II, s.v. Machado, II, s.v. *mancomunar*, deduce con razón dos derivados nominais, documentados xa no XVII, “a maior antigüidade deste verbo”.

⁷⁴ De entre os dicionarios galegos só *DEGC* inclúe *mancomún*; Franco cita *mancomunidade/de* e Carré só *mancomunar*. Para o port., modernamente *mão-comum* aparece en *DLP*.

⁷⁵ Son moi abundantes as noticias sobre este antigo sustantivo. Vid. *REW* 5335; L. Spitzer en *RFH* (Buenos Aires), II (1940), 2, pp. 177-9; H. Meier, *Boletim*

A historia etimolóxica é complexa. No noso exemplo (*et sacou y logo sua maleua e enuiuoullis XXX et V mill mrs.*) e en toda a Idade Media significa 'préstamo, fianza', coa acepción etimolóxica do gal-port. *leuar* (e ant. cast. *levar*)⁷⁶, 'elevar, erguer'; pode supoñerse unha 'man levantada' como sinal de lei ou garantía e tamén como xesto propio dun xuramento. Daquí pasaría a designa-lo feito que na orixe simbolizaba, 'empréstimo, fianza'. Este é o valor que a voz presenta perante toda a Idade Media e co que aparece hoxe nos dicionarios, máis como reliquia que como forma viva⁷⁷. Pero en época posterior, neste sustantivo tense cumprido un curioso proceso semántico. A significación antiga, 'préstamo, fianza', poderíamos dicir, "pervertiuse" en 'préstamo ou fianza impagada', e así 'engano, calote'; para Covarrubias (*TLC*, s.v. *manlieva*) "el engaño que se haze dexando alguna cosa cerrada en poder de otro, dándole a entender es preciosa, y en realidad de verdad es tierra o cantos o otra cosa vil". Dous séculos despois, en *Eluc.*, *malleua* é aínda "fianza" e *mallevar* "pedir ou dar fianza"⁷⁸. Moraes, II, s.v. *maleva*, *malleua* e *malevar*, segue a Viterbo e non coñece acepcións pexorativas. Modernamente, este significado non aparece en cast. no *DRAE*; no galego, *DEGC* II, recolle *manleve*, "engañó que se hace a uno para sacarle dinero" e *manleira*, "manlieva, especie de tributo que se recogía de casa en casa o de mano en mano". Harri Meier concorda coa idea de L. Spitzer⁷⁹ en canto á entrada e evolución deste vocábulo no léxico hispanoamericano; do significado 'engano' pasou a 'persoa que engana' (como en "*a guarda > o guarda, a maleva > o maleva*") especificándose logo, e segundo as zonas, este significado xeral, 'persoa que engana'⁸⁰.

de Filologia (Lisboa), VIII (1946), 2, pp. 168-9; CGC II, s.v. *maleua*, Machado, II, s.v. *maleva*, *malevo*; *DCECH*, III, s.v. *mano*, *DEEH* 4137, etc.

⁷⁶ *Levar* é, segundo *DCECH*, III, s.v. *llevar*, "muy frecuente en castellano arcaico". Na acepción etimolóxica 'erguer, poñer de pe' aparece no *Poema de Mío Cid*, Berceo, d. Juan Manuel, etc.

⁷⁷ Sobre algunhas acepcións erróneas do *Diccionario de Autoridades*, como 'tributo', vid. *DCECH*, III, s.v. *mano*, nota 2.

⁷⁸ Tamén para Corominas, *manlevar*, "tomar prestado".

⁷⁹ Loc. cit. nota 75.

⁸⁰ Cfr. Meier; Spitzer. No rioplatense hai *malevo*, 'malfeitor' ó igual que no gaúcho, tanto brasileiro como arxentino, onde ven ser 'gaúcho malvado'; dende aquí pasou ó argot urbano porteño para designar, segundo Meier, a un "tipo asociado da capital". Este *malevo* con *-o* ten varias posibles orixes. J. Battistiessa (*RFH* I (1939), 4, pp. 378-82) pensou nunha evolución máis ou menos normal de *m a l e v o l u s*; máis tal adxetivo, como indica Meier, é un latinismo en toda a Romanía. Máis probable semella a creación analóxica dun masc. *malevo*, se ben que unha influencia de *malévolo*,

O cast. *manlieve* (cp. *manleve* en *DEGC*) con *-e* final debe de ser analóxica do adx. *leve*⁸¹, interpretándose *manleve*, *manlieve* como composto de *man* mailo adx. *leve*. Outras formas e variantes hispánicas, omitidas por *DCECH*, trainas Lorenzo⁸².

OME-LIGE: CAj 2999, 3007, 3015

Sustantivo composto que aparece no refrán en francés dunha cantiga de amor de F. Garcia Esgaravunha (*or sachiez veroyamen / que je soy votr'ome-lige*).

Trátase, certamente, dunha forma propia da área galo-romance que nos textos antigos provenzais e franceses se refire a certo tipo de homenaxe feudal e significa 'vasalo, aquel que presta homenaxe de fidelidade absoluta a un señor, por riba de calquera outro poder', anque no noso exemplo ten, naturalmente, o sentido figurado de 'vasalo de amor'. No francés moderno, *homme lige* úsase para designar a quen "obeit sans condition à un autre, à un parti, etc." (cfr. *Lexis*, s.v. *lige*). Se ben atopamos aquí un composto na verdade francés, incluímolo no comentario porque tanto o composto como o adxetivo *ligio* están xeralmente nos repertorios portugueses: (*Eluc.*, Moraes, actualmente *DLP*⁸³) non obstante non traspasar nunca o ámbito puramente xurídico orixinario, sendo hoxe un completo arcaísmo. A orixe do adx. *lige*, *ligio*, interesa especificamente á lexicoloxía francesa⁸⁴.

b) Compostos prepositivos

ENPOSESTA: CGC I 512.2

Aínda que, realmente, *enpos* non é unha preposición, senón un adverbio, a semellanza entre os modos de fusión sintagmática en formas como *enposesta* e nos compostos cøn preposicións é evidente. De feito,

de rexistro non coloquial mais tampouco excesivamente culto, non poida descartarse. Conclúe Meier, "caso nada extraordinário de contaminação semântica causada pela semelhança fonética de duas palavras de origem diferente". Como se verá en *barbacaa* estes fenómenos non son, en verdade, nada extraordinarios.

⁸¹ O adx. *lieve* é frecuente en cast. ant. e corresponde á evolución patrimonial de *levis* (hoxe o cultismo *leve*).

⁸² CGC II, loc. cit., que da variantes aragonesas de textos antigos, *manlieuta*, *malieuta* e o cast. *maleuta*.

⁸³ En tódolos casos s.v. *ligio*. *DLP* da o adxetivo como arcaísmo. Ningún repertorio galego o recolle.

⁸⁴ Campo no que aínda non hai acordo ó respecto. Vid. *REW* 4993a; Godefroy, 4, s.v. *lige*¹ y *lige*². Bloch-W., s.v. *lige*, etc.

enposesta é un claro expoñente das posibilidades de nominalización dun sintagma. Trátase dun sustantivo feminino⁸⁵, que significa ‘o solpor, a última hora do serán’, literalmente ‘despois da *sesta*’ (gal. e port. < s e x t a).

Lorenzo recoñece que “es muy raro. Se desconoce en portugués y para el castellano cita tres casos de *posiesta* Cejador”⁸⁶.

FILHO D’ALGO: CAmi II LXVI.8. FILHA D’ALGO: CEsc 16.24, 120.8. FILLO (FILHO, FIJO) DALGO‘ FILLOS DALGO, FILLA DALGO, FILLADALGO, FILLAS DALGO, etc. CrTr I 349.31; II 184.24. CSM^a II 268.1. Vid. F. II 16.12. CGC I 27.9,167.18, etc. FIDALGO: CGC I 16.8,34,404.10, etc. CSM^a I 45.7; II 408.15. Vid. F. II 23.17, 49.20,167.13, etc.

Sustantivo común a gal., port. e cast. (o cat. *fidalguia* está tomado do cast., segundo Alcover, 5, s.v.), formado seguramente a base dun calco morfolóxico do árabe, onde IBN (‘fillo’)/BINT (‘filla’) significan persoa caracterizada pola idea expresada polo sustantivo ó que acompañan, resultando formas compostas como IBN-AS-SABIL (literalmente ‘fillo do camino’); ‘viaxeiro’⁸⁷. Nacería, entón, un sintagma *fillo de algo*, no que *algo* aparece nominalizado no sentido de ‘riquezas, fortuna’⁸⁸. Deste xeito, *fillo de algo* = ‘persoa rica, poderosa, nobre’. As formas plenas *fillo dalgo*, etc. son máis habituais en toda esta época. Frente a *fidalgo/a*⁸⁹

⁸⁵ Cfr. o texto, *depoys que ouue uenja a enposesta*.

⁸⁶ CGC II, s.v. *enposesta*.

⁸⁷ Cfr. *DCECH*, III, s.v. *hijo*.

⁸⁸ Lorenzo (CGC II, s.v. *algo*) le “bienes, riquezas” e asegura que “era acepción aún corriente en el s. XV”. Presenta ademais abundantes exemplos do nominal *algo*, tanto da lingua medieval como posterior. Lázaro Carreter, A. Castro, Machado e outros propoñen etimoloxías distintas para *fidalgo*, *hidalgo* (*f i d a t i c u m para Lázaro, calco de *IBN AL JOMS para Castro, *f e u d a l i c u m para Machado; cfr. Buschmann 3303). Meyer-Lübke, Corominas, García de Diego, Lorenzo, etc. coinciden, polo contrario, no sintagma co indefinido nominalizado (*REW* 345, *DCECH*, *ibid.*, *DEEH* 411, CGC II, s.v. *fidalgo*).

⁸⁹ Con abreviación de *fi(llo)*, formas nas que as distincións gramaticais se establecen na segunda base: *fidalg-os/as* (diante de *fillos/as dalgo*). “Muy antigua es la abreviación de *fijo* en *fi* (...) en ciertas expresiones compuestas donde va seguido de un complemento unido mediante la preposición *de*” (*DCECH*, *ibid.*), fenómeno do que se pode atopar documentación no cast. dende 1185, e que parece de grande liberdade de procedemento tanto no cast. (*hyderuin*, por exemplo, no *Auto del Repelón*, 69, de J. de la Encina), como no galegoportugués (*fi de clerigon*, *fi d’escallola*, cfr. CGC II, s.v. *fyllo de puta*). Lorenzo (CGC II, s.v. *fillodalgo*) cita a João de Barros

amosan aínda un grado relativo de fusión, pese a que *fidalgo* aparece xa no séc. XIII, mesmo en textos en latín, segundo Lorenzo: *item clerici et scutiferi fidalgos non uadant*, nun documento de 1263 (CGC II, s.v. *fidalgo*). Na xeralización de *fidalgo* pode observarse como factores extralingüísticos —unha grande frecuencia e especificación de uso— axudan á cristalización dun sintagma inicialmente libre, *fillo de algo*, nunha unidade nova, *fidalgo*, que desfai a conciencia da súa orixe composta. Polo contrario, outros sintagmas de idéntica estrutura non pasaron á lingua moderna. Un destes sintagmas fixos era *dona d'algo*, que debía resultar moi coñecido, xa que nas cantigas *d'amor* e *d'amigo*, a parte determinante do composto podía aparecer ailladamente, *d'algo*, ou nominalizada, *a d'algo*, sobreentendéndose *dona*⁹⁰ (*pera leuar a d'algo* / *Amores, convusco irei*, CAmi II CCCLXXXVIII.15).

Seguramente polo seu ámbito e connotacións —anque tamén por razóns fonéticas—, tampouco perviviu o composto incipiente *fi de puta*, *fideputa* (p.e., CrTr I 117.26, CGC I 746.II, s.v.), hoxe repostado na fala no sintagma fixo *fillo de puta* (*fyllo de puta* en CGC II, s.v.), o significado do cal xa antigamente sobardaba ó do sintagma libre —stricto sensu, ‘fillo dunha puta’—, aplicándose en xeral a toda persoa vil.

FODESTALHO: CEsc 288.15

Sustantivo masculino que Lapa interpreta como “costume da fornicación” sen explica-la súa orixe. Damo-lo texto da cantiga para mellor comprensión:

E pois eu entendo que ren non valho
 nen ar ei por outra bondad'a catar
 non quer'eu perder este fodestalho
 nen estas putas nen aquest'entençar.

(CEsc 288.13-16)

Trátase dun composto —imaxinativo e de sentido obsceno—, constituído por unha clara base verbal, *fode-*, de *f u t u e r e*, unida a un segundo elemento que ó parecer esconde a locución *a estalho*, equivalente ó

que sinala “apócope... quando dizemos *fidalgo* por *fillo de algo*”. Gonçalves V, pp. 75 e 159, atribúe o cambio a haplloxía, equiparando —erradamente—, esta redución á que se produce en *bondadoso* > *bondoso*, *cuidadoso* > *cuidoso*, etc.

⁹⁰ Véxase C. Ferreira da Cunha, *O cancionero de Joan Zorro, aspectos lingüísticos, texto crítico, glossário*, Rio de Janeiro, 1947, pp. 67 y 74: “*dona d'algo* é formação semelhante à de *fidalgo*, *filho d'algo*, em que *algo* < ALIQUOD ‘alguma coisa’ tivera originariamente o significado de ‘bens, riqueza, averes’” (p. 74).

cast. *a destajo*, co valor adverbial de ‘de cotío, moito, ábondantemente’. Así, dun sintagma *fode a estalho* pasóuse ó sust. (un) *fodestallo*⁹¹. Tanto (*d*) *estalho* como o cast. *destajo* están relacionados con *t a l e a r e* (gal. *tallar*, port. *talhar*, cast. *tajar*; *tallar* é en cast. italianismo), derivado verbal de *t a l e a*, inicialmente ‘acha pequena para enxertos, astela’⁹². Os deverbais *destallo*, *destajo* adquiriron a acepción figurada na locución *a destallo*, *a destajo*, mercede ó seu significado orixinal, ‘traballo no que se paga polo traballo feito e non a xornal’⁹³. Deste xeito, a idea da lóxica dedicación coa que traballaría quen o fixese *a destallo*, asociouse á locución tomada en conxunto, pasando a significar todo tipo de presa ou afán con que se fai algo. Modernamente, *destallo* aparece nos dicionarios galegos pero non nos portugueses⁹⁴.

Non parece pois, que haxa moitas máis posibilidades de explicar este raro composto que a proposta. Non pode descartarse, con todo, que se trate dunha invención de Martín Soares, autor da cantiga, como ocorre con *foucelegón*.

FUDUDANCUA: CESC 45.5, etc., 71.18, 213.12. FODIDINCUL: Vid. F. I 120.47

Outro composto de sentido sexual con base *f u t u e r e*. É un adxetivo “obsceno e injurioso” e “muito conhecido dos documentos legais, que o sujeitavam a penalidades”, en palabras de Lapa⁹⁵. A súa orixe, tanto no galego-portugués como no castelán⁹⁶, é o sintagma *f u t u t u*

⁹¹ Hipótese de DCECH, III, s.v. *joder*. Supoñer un *fode a destallo* parece menos evidente, a teor do resultado *fodestallo*.

⁹² Cfr. DCECH, *ibid.*, REW 8538.

⁹³ Nebrija parafrasea “destajo en la obra: redemptio” (DCECH, *ibid.*). TLC, s.v. *destajo*, declara “la obra que un oficial toma a su cuenta, que no va dada a jornales ni a tassación sino que echada la cuenta y destajado lo que podrá venir a tenerle en costa, lo toma a su cuenta”. Sorprendentemente, DEGC, I, s.v. *destallo*, explica “la obra cuya realización se ajusta de antemano en cierta cantidad fija”.

⁹⁴ Os verbos *destallar*, *destaiar* non eran descoñecidos antigamente (cfr. CGC II, s.v.). Franco e DEGC traen *destallo* e este último mesmo *a destallo*. García, pola súa parte, só inclúe *estallar* (‘sacar un tallo a una finca’). Para o port., o *destallo* que trae Viterbo (Eluc., s.v.) ten unha orixe totalmente distinta (*s t a l l u m*, ou *xerm. s t a l*, cfr. REW 8218a e 8219).

⁹⁵ CESC, p. 53. Obsérvase que precisamente a segunda forma que presentamos está tomada dun documento galego do séc. XV, da antoloxía de Ferro Coucelo.

⁹⁶ *Fodidenculo*, *fududinculo* son insultos frecuentes en foros casteláns do séc. XIII co significado ‘sodomita pasivo’ (cfr. DCECH, III, s.v. *joder*).

in *cu* l *u*, antigo segundo a conservación do participio en *-u t u s* (polo contrario *fodido* é a solución habitual; cfr. CESC 202.13, 342.2).

Na evolución morfo-fonética, o principal problema está na formación do xénero. No caso *fodidincul* (como no cast. *fodidenculo*) a presión analóxica dos participios en *-ido* regularizou a forma do composto como adxetivo invariable rematado en consonante (terminación que, diante do patrimonial *cu*, non deixa de ser irregular). Pero nas formas máis antigas das CESC, as posibilidades xenéricas amósanse máis complexas. Coa soldadura do sintagma, o xénero quedaría marcado seguramente no interior da palabra: masc. **fududoncu* (ou quizais, **fududencu*), fem. *fududancu*. Unha vez perdida a conciencia de composición, é moi probable que o xénero poidese recibir un morfema de xénero, que resultaba innecesario: *fududancua*. Mais, ¿por que é redundante precisamente o feminino, que contiña unha clarísima marca “interior” de xénero? Ou, doutro xeito, ¿como sería nesta fase o masculino? De supoñermo-las mesmas condicións, teríamos un redundante **fududoncuo* ou **fududencuo*, no canto de **fududoncu*, etc.

Viterbo aínda rexistra o adxetivo, citando máis exemplos de documentos antigos portugueses⁹⁷. Na actualidade, como se pode supoñer, non aparece nos dicionarios, o que non equivale necesariamente a que non perviva na fala⁹⁸.

MANAMAN: CSM^a 66.48, 84.48, 125.63, 142.60, 162.35, 165.70, 186.60. CSM^a II 292.76

Composto sintáctico no que se amalgamou o sintagma *man a man*. É un adverbio de tempo que significa ‘rápida, inmediatamente’, significado orixinado na idea de inmediatez física do sintagma, que se traspassou á idea de inmediatez temporal no composto.

De aternos ós repertorios léxicos, a distribución xeográfica deste vocábulo resultaría curiosamente discontinua, xa que só aparece rexistrado para unha zona compacta do italiano, aparte as documentacións que comentamos⁹⁹. A composición, deste xeito, sería antiga, o suficien-

⁹⁷ “O sodomita paciente, somítico, que usa e practica o pecado infando e nefando” (*Eluc.*, s.v. *fodidincul*). Moraes, I, seguindo a Viterbo, cita *fodidincul*, e ademais outro composto que descoñecemos, *fod'incul* que interpreta ‘fode en cu’ pois le “o infame sodomítico, agente, puto”, aínda que ben podería tratarse de haplología de *fodidincul*.

⁹⁸ Con todo, falta en García.

⁹⁹ *REW* 5339 cita o composto nas formas do ant. it. *man man*, ant. logud. *manu*, comasq. *maneman*, gen. de *manimán*, piam. *manaman*, trevig. *manemá* (aquí,

te para se estender a áreas tan alonxadas, xa que é obvio que as formas do italiano e as hispánicas remitirían a unha mesma orixe: (d e) m a n u a d m a n u. Non obstante, non se pode rexeita-la posibilidade dunha voz extraña ó galego-portugués —italiana, acaso castelá—, adaptada polo Rei Sabio, nas composicións do cal aparece este *manaman*¹⁰⁰.

Viterbo dá o composto na forma *manamano*, que pode resultar certamente sospeitosa de castelanismo por esa -o final, e traduce “logo e no mesmo punto”, sen maior comentario¹⁰¹. Nunha morfoloxía similar tráeno Moraes II, s.v. *manaamano*, quen descoñece o significado antigo, pois le “de mao a mao”. Ou ben segue a Viterbo en canto á forma do composto, ou ben tal forma con -o final era a coñecida dos lexicógrafos portugueses. Omiten o adverbio Coelho, Silva, etc. Para o gal., aparece só en Carré, anque é evidente que se trata dun fósil.

A hipótese, en definitiva, dun castelanismo, proposta por Machado, ou, en calquera caso, dunha voz de orixe non xeuinamente galego-portu-

no sentido inicial de veciñanza física, ‘preto de’). Para o cast., *DRAE*, s.v. *mano*, dá a locución *de mano en mano* que nada ten que ver co composto. *DCECH* non dá ningunha noticia deste adverbio antigo ó igual que *TLC*. Extrañamente, *manamano* está como “adverbio antigo” en D.E. Marty Caballero, *Diccionario de la Lengua Castellana*, 1884, vol. II. O raro destas omisións nos repertorios do castelán é que o composto parece bastante coñecido en época antiga; atopámolo en Berceo (*man a mano*, *Milagros de N^a Señora*, 12a), *Razón feita de amor*, 124, *Libro de la Infancia y Muerte de Jesús*, 180 —texto este último de orixe catalana—, e en tódolos casos con valor temporal ‘enseguida, rapidamente’.

Verbo do catalán —e pese a documentación de tal orixe mencionada—, Alcover trae só un *má a má* ou *má per má* (7, s.v. *má*), sintagmas nos que non hai indicios de fusión semántica segundo a súa propia lectura “agafant-se mutuamente les mans”, anque nos exemplos medievais que trae ben puidera entenderse como no galego-portugués ‘rápida, inmediatamente’.

¹⁰⁰ A favor desta hipótese xoga o feito de que, entre tódolos textos medievais, só aparece nas CSM^a, e acaso tamén o que a forma fonética do vocábulo difire sensiblemente da evolución esperada no galego-portugués de m a n u m (*mao*, con variantes *mao*, *maao*). A mesma dúbida expresa Machado, II, s.v. *manamán*, que non sabe “se se trata de vocábulo portugués, se de castelhanismo adoptado e adaptado pelo monarca-poeta do séc. XIII”. Non estará de máis lembrar aquí que “a língua da poesía sacra fez acaso excessivas concessões aos estrangeirismos, sendo dentro eles os castelhanismos certamente significativos”, na opinión de J.L. Rodríguez, “Castelhanismos no galego-portugués de Afonso X, o Sábio”, *Boletim de Filologia* (Lisboa), XXVIII (1983), pp. 7-19, p. 18. Con todo, o que nun traballo tan específico non haxa ningunha mención ó noso composto fainos dubitar da xenealoxía castelá.

¹⁰¹ Cfr. *Eluc.*, s.v. *manamano*.

guesa —sobre todo pola súa forma fonética¹⁰²— e escaso índice de implantación, tanto antiga como actual, parece a menos problemática para a explicación deste antigo adverbio composto.

Nos nosos exemplos, o adverbio está sempre acompañado de *logo*, *logo manaman*, mesmo nun caso nun sintagma con tres adverbios, *logo cras manaman*.

3.1.2. Composicións verbais

Frente ós compostos con bases nominais, incluímos baixo a tipoloxía ‘composicións verbais’ formas de base verbal, aténdonos estrictamente á categoría morfolóxica dos compoñentes: *verbo* (ou, mellor, *base verbal*)/*sustantivo*: *fodimalho* (vbo. + sust.), *fazfeiro* (sust. + vbo.).

Recoñecemos que pode resultar ambiguo presentar a *aviziboo* ou *touquinegra* nun grupo de compostos ‘con vocal *-i-* de unión’ e noutro a *fodimalho* (cun *-i-* idéntico) como composto ‘verbal’. Doutra banda, ¿por que *fodestallo* nunha sección e *fodimalho* noutra, cando o esquema ‘base verbal + sust.’ é practicamente o mesmo?

A verdade é que é moi difícil decidir cal das características de cada estrutura en concreto ten que ser desde o punto de vista clasificatorio a característica por excelencia, resultando arbitraria a fin de contas toda tipoloxía. ¿Por que, por exemplo, *verbo* + *sustantivo* (e así, composto ‘verbal’) e non *verbo* + *sustantivo* (e así, composto ‘nominal’)? A aplicación do criterio semántico ‘determinante/determinado’ é bastante práctica en moitos casos (*fodimalho*, por exemplo, sería un composto verbal xa que a función ‘determinante’ está desempeñada polo verbo) mais na maioría resulta unilateral e restrictiva, ó entrecruzárense razóns de estrutura morfolóxica.

Por exclusividade, podemos propoñer, relevando certos rasgos de entre todos, que *fodimalho* contén unha base verbal ausente dos compostos ‘con vocal *-i-*’ (*aveziboo* e os restantes do seu grupo), ou, doutro xeito, que estes teñen unha estrutura homoxénea ‘sust. /i/ adx.’ que non ten *fodimalho*. Por outra banda, *fodestallo* presenta, como *fillodalgo*, *manaman*, etc., unha morfoloxía determinada polo concurso dunha preposición, estrutura radicalmente distinta da de *fodimalho*, aínda contando con idénticas bases verbais.

¹⁰² De tódolos xeitos, *man* < m a n u m, que é un resultado insólito no castelán, é habitual como base de composición: *mansalva*, *mampostería*, *mancuadra*, etc.

Damos outras referencias a supostas composicións verbais no capítulo de *formas falsas*.

FAZFEIRO: CSM^a I 15.54, 45.26, 61.36, 85.67; II 303.7

Como *manaman*, trátase dunha forma documentada só nas CSM^a. É un sustantivo masculino que significa “castigo, repreensión” para Mettmann (CSM^a II, s.v.), relacionado cun verbo composto de creación hispánica, *f a c e f e r i r* e cast. *zaherir*, con metátese $|f| - |\hat{z}| > |\hat{z}| - |f|$, de onde *zaherir* (con $|f| > \emptyset$); deste xeito, *fazfirir/fazferir* $> *zaferir > zaherir$ ¹⁰³.

Corominas rexistra a forma que comentamos do galego-portugués precisamente como argumento de apoio á metátese sinalada. Así, *fazfeiro* representa o estado antigo do vocablo sen metátese e equivale ó cast. ant. *çaherio*, que paralelamente mais nun grado máis evolucionado, presenta xa a alteración mencionada. Teríamos, xa que logo, un verbo composto con valor orixinal de ‘ferir na face’, despois ‘botar en cara, insultar, inxuriar’.

No caso de *fazfeiro* —como no dos vocablos paralelos do cast., *zaherio*, *haçerio*, *çaherio*, *çahiero*—, estamos diante dun sustantivo deverbal, a partir da 1^a p. sg. do presente, *f e r i o*. A metátese do iode no grupo *-r y-* (*f e r i o > feiro*) é, polo demais, normal no galego-portugués. Non parece improbable, neste sentido, que a existencia do sufixo *-eiro* $< -a r i u m$, rentabilísimo en derivación nominal, contribuíra a fixar unha forma etimolóxica (*feiro*) no composto, aínda que desacorde coa flexión verbal¹⁰⁴.

FODIMALHAS: CEsc 327.4. FODIMALHO: CEsc 342.1

Outro composto irónico e de sentido obsceno, naturalmente procedente das cantigas *d’escarnho*, e “muito raro” en opinión de Lapa (CEsc, p. 508). Tal e como apunta o estudioso portugués, existe no gal. mod. *fodinallas*, cun dobre sentido: ‘órganos da reprodución’ (sust.)/ ‘capaces de procrear’ (adx.)¹⁰⁵. Nesta última acepción aparece o vocablo en CEsc 327.4:

¹⁰³ A forma *fazfirir* está documentada no *Fuero Juzgo* (cfr. DCECH, III, s.v. *herir*); vid. tamén DEEH 2629, *Dispersos*, p. 142.

¹⁰⁴ *Firo*, como se sabe, resulta da analogía con verbos do tipo *servir*, con pres. *sirvo* (por metafónica de *servo* $< s e r v i o$, cfr. RAG-ILG, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 1982, pp. 85-86; *Dispersos*, *ibid.*).

¹⁰⁵ CEsc, p. 508.

Natura das animalhas
 que son dũa semelhança
 é de fazeren criança,
 mais des que son fodimalhas

En 342.1 temo-lo adxetivo en masc., sg., e con sentido máis marcadamente erótico, “aficionado al coito heterosexual”¹⁰⁶ (*Eu digo mal, com'ome fodimalho*).

A etimoloxía deste termo é difícil. Lapa apunta a dúas posibles combinacións con base verbal *f u t u e r e*:

a) **f u t i m a c u l a*, así, “marca, sinal de que está apto a fornicar”. Esta posibilidade axústase ben á significación adxetiva, anque parece discorde co resultado fonético habitual de *m a c u l a m* > gal. e port. *mancha*, ademais do castelán, (con propagación da nasal inicial dende data moi antiga), se ben *malha* é, ó menos en port., un resultado corrente tamén de *m a c u l a m*¹⁰⁷. Deste xeito, teríamos un **f u t i m a c u l a* > *fodimalha*, con masculino analóxico como adxetivo.

b) **f u t i m a l l e u m*, “malho de fornicación”, en sentido metafórico para Lapa, etimoloxía que, con todo, considera máis improbable¹⁰⁸. *m a l l e u m* > *mallo*, *malho* é a base de derivación dunha chea de palabras do galego e maílo portugués e, ademais, coincide coa forma sustantiva que traen os dicionarios, a saber, ‘órganos da reprodución’ —inicialmente masculinos—, dende a evidente metáfora *mallo*, ‘membro viril’¹⁰⁹.

¹⁰⁶ Interpretación de Corominas (*DCECH*, III, s.v. *majo*). A cantiga de Pero da Ponte refírese ó mundo homosexual, que o poeta di despreciar como corresponde a un home *fodimalho*.

¹⁰⁷ Dobletes de *m a c u l a m* son tamén *mágu*/*mágoa*, *mangra*, en gal. e port., anque *malha* parece exclusivo do port. Coelho, por exemplo, dá *malha* como sinónimo de *mancha*. Os dicionarios actuais do port. rexistran ‘pinta, mancha dos animais ou a madeira’ entre as adepcións de *malha* e ‘que ten pintas ou manchas’ entre as de *malhado*. Polo contrario, os dicionarios galegos non ofrecen ningunha relación entre *malha* e *mancha*. Tamén *mancha* é o normal para *m a c u l a m* en cast., lingua na que *malha* (‘malha de rede’) é voz de orixe francesa. Mesmo para esta última acepción, a forma propia do castelán era orixinariamente *mancha* (como no *Libro de Aleixandre*, 675c; cfr. *DCECH*, III, s.v. *malha*).

¹⁰⁸ CEsc, p. 508. Para Corominas é, nembargante, a máis probable: “es decisivo el ambiente erótico que nos revelan ya en el s. XIV Juan Ruiz y los satíricos portugueses, para un compuesto de *m a l l e u m* (majo)” (*DCECH*, III, s.v. *majo*).

¹⁰⁹ A mesta metáfora obscena debe de se-la orixe do cast. *majo*, no sentido erótico de ‘membro viril’ —igualmente *majar* (golpear, bater) ‘fornicar’—, despois ‘amante achulado’ e finalmente ‘chulo en xeral’, en opinión de Corominas (*DCECH*, *ibid.*).

O *fademaja* do *Libro de Buen Amor*, 959e —calificativo de clara intención sexual que unha serrana dirixe ó Arcipreste—, ten indubidable relación co composto galego-portugués, anque para Blecua (que relaciona evidentemente *fade* con *f a t u m*) é “vocable obscuro, quizá ‘desdichado’ ”¹¹⁰.

Verbo da primeira parte do composto, temos, como antes en *fodestallo*, unha base verbal *fode-*, axustada no caso de *fodimalho* á morfoloxía dos compostos ‘posesivos’ con *-i-*; deste xeito, *fodimalha/fodimalho*, ‘mácula, mancha/mallo de foder’¹¹¹.

3.1.3. Formas falsas ou dubidosas

BARUACÃA: CSM^a I 165.45. BARUASCAAS: CGC I 381.6, 782.30, etc. BARUAS CAAS: CrTr I 188.17, etc.

Non se trata, por suposto, dunha forma composta, nin sequera de orixe latina, senón, como é sabido, árabe ou arábigo¹¹². Non obstante, que en certa época o estado fonético do vocable confluíu cunha idea de composición a base do sintagma *barua caa* refléxase de modo evidente no plural, que fai concorda-lo sustantivo *barua*, é dicir, o que se entendeu como sustantivo, co falso adxetivo *cãa* (< *c a n a m*): *baruascaas*, *baruas caas*. Sen admitirmos esta coincidencia, a explicación dese plural fáisenos ben difícil; é máis, tal analogía fonética debeu condicionar considerablemente a evolución deste sustantivo, evolución polo demais exposta a irregularidades pola súa orixe non románica¹¹³.

¹¹⁰ Cfr. *Libro de Buen Amor*, ed. de A. Blecua, Barcelona, 1983, p. 143. A dicir verdade, os propios cancioneros traen *fademalhas*, *fademalho* (CBN, CV, cfr. CEsc, p. 508), aínda que Lapa prefire ler *fodimalhas*, *fodimalho*. Segundo Corominas (*DCECH*, *ibid.*) “*fa-* era la forma en que corría el vocable”, como confirman os copistas do Arcipreste e os cancioneros. *Fademalhas* responde quizais á disimilación *fode* > *fade*, “y el eufemismo aprovechó este accidente para disimular el compuesto de *foder*, disfrazándolo de compuesto de *FATUM*” (*DCECH*, *ibid.*).

¹¹¹ Para o cast. *fademaja*, Corominas pensa en dous imperativos *fade* (*fode*) e *maja* (de *majar*, no sentido obsceno antes apuntado), xa que lle resulta raro ese adxetivo en feminino referido ó Arcipreste.

¹¹² Vid. *DCECH*, I, s.v. *barbacana*, que dá o ár. vulgar *b-al-baqára*, ár. clásico *báb al-baqára*, ‘porta das vacas’. *REW* 941a remite al ár. *barbahane*, ‘muro, muralla’. *DEEH* 884 propón o persa *balakhanah* ‘mirador’ ou ár. persa *barbaj jana*, ‘fortificación diante dunha porta’ (cfr. tamén CGC II, s.v. *baruacaa*).

¹¹³ A idea falsa de composición enganou a Viterbo e Covarrubias, sen ir máis lonxe. O primeiro (*Eluc.*, s.v. *barbas-caans*) expresa a súa convicción dunha orixe latina a través de *barba cana*: “Querem alguns que esse nome seja púnico ou cartaginês,

FALCACRUA: CEsc 71.10

Sustantivo feminino común a gal. e port. e exclusivo destes romances que significa ‘burla, calote’, para Moraes, I, s.v. *falcacrua*, “peça cuidada, com que levemente se engana alguém”.

A súa etimoloxía é moi escura. Non existe acordo sequera na lectura dos editores; Teófilo Braga le *falcatrua*, como Tavani. Machado *falta crua*. Os propios apógrafos presentan formas distintas: *falçaqua* o CV, *falcacrua* –lectura de Lapa–, o CBN¹¹⁴.

A primeira parte do presunto composto chama en principio a atención cara o hispanoárabe *falqa*, ‘acha, astela de madeira’, de *fʿlq*, raíz verbal árabe que vale ‘fender, rachar’¹¹⁵. No segundo elemento, Lapa ve un adxetivo concertado *crua* (< c r u d a m), referido a *falca*, para el “algema ou anel com que se capturavam os prisioneiros; era um instrumento cruel, de aí o nome *falca crua*”. O actual gal. e port. *falcatrua* explicárase foneticamente por disimilación. Agora ben, Lapa ve en *falca* unha acepción hipotética, de difícil constatación¹¹⁶. Corominas, pola súa parte, propón como orixe deste raro vocabulo un composto de *desfalcar* (< it. *defalcare* ou lat. vulg. *f a l c a r e*, a través acaso dun longobardo *f a l k a n*), partindo dun ant. fr. ou fr. dialectal **desfalquetroe*, onde *troe* = ‘*arca*’¹¹⁷. Esta etimoloxía resulta moi específica e complexa pa-

mas sabendo nós que só na baixa latinidade é que se ouviram os nomes *barbacana*, *barbicana* e *barbacenus* fica-nos lugar a sospeitarmos que por alusión ás barbas dum velho, brancas, proeminentes e cunpridas que defenfem e são como o antemural do rosto, se disseram metaforicamente *barbas canas* às obras militares que reforçavam os muros, que são o rosto de uma praça”. Covarrubias, pola súa parte, (*TLC*, s.v. *barbacana*) explica, “dicho assí porque defiende y adorna la fortaleza en lo exterior, como allá dentro de los palacios los hombres ancianos autorizan y defienden la honra y honestidad dellos”.

¹¹⁴ Cfr. CEsc, p. 119.

¹¹⁵ *DCECH*, II, s.v. *falca*; *REW* 3165; Machado, II, s.v. *falca*, acepta con reservas a orixe árabe, aunque se extraña da “auséncia de artigo definido neste vocabulo, con grande uso popular”. *DEEH* 2654 dá *halca* para o cast. e varios resultados dialectais máis.

¹¹⁶ “En Portugal *falca* es ‘segmento de tronco (toro) encuadrado con cuatro caras rectangulares” (*DCECH*, *ibid.*). De certo, para Moraes, I, s.v. *falca* “torno de madeira falquejado com quatro faces rectangulares”. En *CaG* 99r *falca* designa en Asturias unha especie de baranda nas lanchas. Vid. tamén A. de Sousa, “Vocabulário de Entre-Douro e Vouga”, separata de *Revista de Portugal*, série A, XXX (1965), s.v. *falca*. Para o gal. moderno, García rexistra dúas acepcións de *falca* e inclúe, ademais da variante *falquín*, *falcatrua* e o derivado *falcatruada*.

¹¹⁷ Cfr. *DCECH*, *ibid.*; *DEEH* 2144 dá *defalcare*. Para *troe* vid. *REW* 8948.

ra unha palabra co éxito de *falcatrúa*, que ademais de pervivir en gal. e port., conta en ámbalas dúas linguas cunha notable cantidade de derivados: *falcatruar*, *falcatrueiro* (gal. e port.), *falcatruada* (gal.), *falcatruíce* (port.). Para Machado, *falcatrua* ten relación con *falcão* na 1ª ed. do seu dicionario etimolóxico; na 2ª ed. de 1967 —que seguimos neste traballo—, límítase a recoñecerlle “origem obscura”, citando a Nunes de Leão que da “*falcatrua* por engano”.

Ata o encontro de novas documentacións ou referencias, pois, non parece que se poida iluminar moito máis a orixe presumiblemente composta do vocablo (sust. + adx. concordados). En calquera caso, a analogía co sintagma *falca crua* —entendendo *falca* como o fai Lapa—, é dabondo sospeitosa, sobre todo en contextos como o da nosa documentación:

achei ùa companha assaz braua e crua
 que me deceron logo de cima da mia mua
 (...)

 e ali me lançaron a min a falcacrua (vv. 3-4,10)

É seguro que o termino designa aquí algunha especie de instrumento para inmovilizar ou torturar prisioneiros, significado hoxe absolutamente perdido. Neste sentido, non é desatinado imaxinar incluso un sintagma *f a l c e m c r u d a m* —onde *f a l x* aparece como ‘instrumento cortante’ en xeral—, quizais de creación culta ou sometido a influencia culta, acaso axudada pola existencia de *falca*.

PEDILOLO: CEsc 106.5,11,17

En opinión de Lapa, “palavra estranha, nao dicionarizada, que nos parece de formação relativamente moderna: *pedir olo*, sendo *olo* un masculino analógico de *ola* = ‘púcaro, panelo’. Então *pediolo* designaria o recipiente que traria a criança na mão como chamariz da esmola”¹¹⁸.

A interpretación de Lapa intenta explica-lo elemento máis comprometido *olo* en tanto que, dende a súa lectura, a base *pedi-* resulta clara. A verdade é que o contexto do vocablo non desminte esta hipótese; a cantiga trata dun home casado cunha muller que se prostitúe mentres el carga con fillos alleos, vivindo da esmola que recolle —segundo Lapa—, no *pediolo* (*De trager por seu pediolo / o filho doutro no colo*, vv. 5-6).

De comprobarse tal etimoloxía estaríamos diante dun composto de base verbal determinante dun sustantivo, axustado —como no caso

¹¹⁸ CEsc, p. 170, nota.

de *fodimalho*—, á estrutura dos compostos ‘posesivos’ con *-i-*: *pediolo*, ‘olo de pedir’.

Mais non é esta seguramente a orixe do vocablo. Dende o noso punto de vista, ten evidente relación co sust. gal. e port. *padiola*, ‘angarela’ e en gal. ademais ‘cesta grande de pescadores’, cast. *parihuela*, de orixe, á súa vez, incerta, quizais p a l e o l a¹¹⁹. Xa que logo, non estamos diante dunha palabra composta, senón derivada co sufixo *-o l u s*¹²⁰.

PERAFUSO: CEsc 25.27

Sustantivo presumiblemente composto, de etimoloxía aínda incerta, a causa obviamente do elemento inicial *pera-/para-*, de creación iberorromance e de significado variable no tempo e no espazo; na nosa documentación —dunha cantiga do Rei Sabio—, designa unha peza arredondeada e destinada a dar voltas (*vai en redor come perafuso*)¹²¹.

No cast. ant. designou unha peza do muiño no séc. XVI¹²², e hoxe, *parahúso* é segundo o *DRAE*, “instrumento manual usado por los cerrajeros y otros artífices para taladrar”. No asturiano refírese a “cada uno de los dos husos que se emplean para torcer el hilo”¹²³. En port., *parafuso*

¹¹⁹ Cfr. *DCECH*, IV, s.v. *parihuela*; Gonçalves V, II, pp. 204-6. *Padiola* está en Carré, Franco e *DEGC*. Franco ademais trae a variante *paviola* ‘angarillas de cantero’. Falta en García. Para o port. rexistran a palabra Moraes, Coelho, Silva, e modernamente *DLP*.

¹²⁰ Neste sentido, o *pediolo* da nosa cantiga tería o valor metafórico de ‘carga que se arrastra’ (como nunha angarela), referido naturalmente ós fillos dos outros homes, que o malpocado marido debe manter, ou incluso —máis en relación coa acepción galega—, ‘cesta’ (para transporta-los meniños), ou, coincidindo con Lapa, ‘cestiño para a esmola’.

Padiola co sentido de ‘angarela’ é vocablo antigo, tanto no port. —aparece rexistrado por Bluteau no seu dicionario de 1715—, como en galego —tráeno *CaG* 202v, “*padiola*: angarillas. Creo que es portugués”—. Co significado ‘cesta de pescadores’, *padiola* utilizábase “en el antiguo sistema de pesca por medio del cerco real” segundo *DEGC*, s.v. *padiola*, así que debe de ser tamén acepción antiga.

¹²¹ Vid. unha explicación detallada en *DCECH*, III, s.v. *huso*. Desta idea de dar voltas proceden as expresións *xente da parafusa*, ‘moinantes, vagabundos’, *dar voltas como unha parafusa*, *parafusa* ‘roda para maza-lo leite en Becerreá’, segundo *DCECH*, *ibid.* A última acepción aparece rexistrada na variante *parafuxa* por García, s.v. *parafusa*, adscrita á zona de Pedrafita.

¹²² Cfr. *DCECH*, IV, s.v. *pár*.

¹²³ *DCECH*, IV, *ibid.*, citando a B. Vigón, *Vocabulario dialectológico del conejo de Colunga*, 1896-8.

é ‘tornillo, peza que se enrosca’¹²⁴ e, verbo do galego, os dicionarios recollen as acepcións ‘trado’ e ‘fuso para torce-lo fío’¹²⁵.

Na discusión etimolóxica hai coincidencia nunha idea de composición, aínda que por distintos camiños; para o *DRAE* “*par a huso* = igual a hueso”; Coelho dubida entre “*para* preposição e *fuso*”; *DEGC* relaciona *para-* co verbo *parar*, “o sea FUSO que para y no vuelve acabada la rosca de la cuerda”. Sobre a base das acepcións do gal. e do asturiano –‘fuso dobre, par de fusos para fiar’–, a combinación *par fuso* non parece improbable¹²⁶. Outra etimoloxía posible é o verbo gal e port. *perfurar* (como *furar*, non *perforar*), “alterado por el influjo conjunto de la disimilación y de la etimología popular *fuso*”¹²⁷. Na opinión de Corominas, en fin, “sólo un estudio que ahonde mucho en el pasado de la cultura material del NO hispánico, podrá aclarar la génesis morfológica del vocablo”¹²⁸.

TRAGAZEITE: CEsc 25.18

Este sustantivo que vale “arma arrojadiza a manera de dardo o flecha” ou “pequena lança de arremesso usada pelos mouros”¹²⁹, traduce nun *escarnho* do Rei Sabio o cast. *tragacete*, voz de etimoloxía insegura, propia de cast. e vasco (aquí, *tragatz*, ‘cuchilla’)¹³⁰.

Pese ó seu aspecto, que suxire inevitablemente o sintagma *traga* (subxuntivo/imperativo de *trazer* ou pres. indicativo de *tragar*) + *azeite* (como no port. actual *traga-moiros*, gal. *tragaldabas* ou port. *bebe-azeite*, ‘curuxa’), non hai nesta palabra nada de composición. Como xa estableceu Corominas, a forma *tragazeite* con *ei* “revela un autor que está agallegando el vocablo”¹³¹. Completamente errada é a hipótese de Ma-

¹²⁴ Cfr. Moraes, Coelho, Silva, etc. s.v. *parafuso*.

¹²⁵ Cfr. Carré, *DEGC*, Franco, García, s.v. *parafuso* para a primeira acepción. En canto á segunda, *CaG* 96v dá “*parafusos*: llaman en Viveiro a los que en Pontevedra llaman *trouzos* para torcer dos hilos en uno”. Carré explica “huso dobre” e García, “huso para torcer la lana”.

¹²⁶ Corominas (*DCECH*, III e IV, *ibid.*) admítea con moitas reservas a causa das acepcións ‘trado’ ou ‘tornillo’ do gal. e port. Cre, ademais, que “habría que comprobar si la acepción asturiana se corresponde con los hechos”. O rexistro de García, que corresponde á fala viva de hoxe, demostra que polo menos no galego o valor ‘fuso dobre’ é un índice fiable da etimoloxía *par fuso*.

¹²⁷ *DCECH*, IV, *ibid.*; *DEEH* 4942a.

¹²⁸ *DCECH*, III, *ibid.*

¹²⁹ *DRAE*, s.v. *tragacete* e *CEscp*, p. 47, respectivamente.

¹³⁰ Cfr. *DCECH*, V, s.v. *tragacete*.

¹³¹ *Ibid.*

chado, III, s.v. *tragazeite* que, precisamente, se deixa seducir pola idea de composición: “projéctil. De *traga* (de *trazer*) *azeite*”.

Non deixa de resultar curioso que a ultracorrección do rei Alfonso sexa anterior a calquera documentación de *tragacete* no castelán¹³².

3.2. Sintagmas fixos

GRANDE ALGO: CGC I 23.14, 190.9, 239.8, 492.18. GRÄD'ALGO: CGC I 51.16. GRAND'ALGO: CSM^a I 5.160, II 325.31. GRANDES ALGOS: CGC I 12.15, 23.9, 42.97, etc.

Exemplo de sintagma fixo, moi habitual en época antiga, que condensa semántica e morfoloxicamente o sintagma libre *grande algo*, mercede á nominalización xa comentada de *algo*, no sentido de ‘bens, riquezas’. Obsérvase que, por exemplo, en *Como el Rey ydamenes dou Naues et grande algo Aulixas* (CrTr II 241.1-2) o sintagma aparece como un sustantivo simple, ó nivel sintagmático de *naues*. A propia recurrencia desta combinación condúcenos a pensar que nos textos medievais tiña xa unha certa uniformidade semántica, de xeito que *grande algo* non pode ser tratado como a pura coincidencia sintagmática de dous elementos aillados, xa que o seu significado concéntrase nunha idea única. De tal sintagma fixo non podía esperarse outro plural que *grandes algos*, anque as grafías deixan entrever certos indicios de fusión: *grand'algo*, *gräd'algo*.

Outros sintagmas, como *muyto algo* están tamén basados na nominalización de *algo*¹³³.

LUGARTHENENTE: Vid. F. II 26.35. LUGAR THENENTE: Vid. F. II 46.8. LUGARES TENENTES: Vid. F. II 42.83

Sintagma que como tal significa exactamente o que a suma dos compoñentes, ‘o que ten o lugar (doutro)’. A composición é indubidablemente antiga, xa que existen formas equivalentes no ant. prov. *loctenen*, it. *luogotenente*, fr. *lieutenant*, cast. *lugarteniente*, port. *logotenente*, cat. *lloctinent*, etc., ademais do alemán *Leutenant* e o ingl. *lieutenant*, a partir do francés.

Os etimólogos remiten ó lat. vulgar *l o c u m* ou *l o c a t e n e n s* (Bloch-W., Corominas), anque evidentemente no dominio galego e castelán o vocábulo adaptouse á variante *lugar*. Ben que aparece rexistrado en

¹³² *Ibid.*

¹³³ *Enuios carregados de muyto algo, prometerllj does e muyto algo* (cfr. CGC II, s.v. *algo*).

1287 no francés¹³⁴ e en R. Lull no catalán¹³⁵, no gal. non aparece ata o sec. XV en documentos notariais (os que presentamos, da zona de Ourense, anos 1434, 1445 e 1447 respectivamente). No cast., é francamente serodio, xa que non aparece ata 1590¹³⁶. Do derivado *lugartenencia*, que existe noutros romances, non temos noticia nos nosos textos.

Morfoloxicamente, a actual palabra composta (pl. *lugartenentes*) aínda non callara nas documentacións presentadas, e deste xeito a construción comportábase como un sintagma fixo que recibía accidentes námbolos dous compoñentes: pl. *lugares tenentes*.

Verbo do significado, a acepción xeral, ‘persoa que actúa como delegada doutra’, sufriu nalgúns casos certa especificación. O nome refírese, nos textos antigos que comentamos, a un cargo eclesiástico ben definido, xa que aparece enunciado xunto a outros cargos específicos (“*abbade da igrlesia da Triindade, prouisoires, lugares tenentes, vigarios...*”; “*prouisor, lugar thenente e vigario geeral ena dita igrlesia*”).

OSTEN ANTIGA: CGC I 100.11

Anque non é do todo seguro, a separación gráfica deixa supoñer que, nesta época, a construción (hoxe *estantiga/estantigas*) era tratada aínda como un grupo de dúas palabras, cun plural presumiblemente **ostes antigas*.

Procede do sintagma *h o s t i s a n t i q u u s*, que na Patrística e latín eclesiástico designaba ó demo, o ‘enemigo antigo’. Obsérvase a acepción etimolóxica de *h o s t i s*, ‘enemigo’, masculino en latín e cambiado logo en feminino en tódalas linguas románicas, significando en todas elas ‘exército, tropa, exército en campo’¹³⁷, aínda que é voz arcaizante e de ámbito literario en tódalas áreas¹³⁸. En canto ó composto gal. *estantiga*,

¹³⁴ Bloch-W., s.v. *lieu*.

¹³⁵ Na forma *loctinent*; cfr. Alcover, 7, s.v. *lloctinent*.

¹³⁶ *DCECH*, III, s.v. *lugar*.

¹³⁷ Panrománico: rum. *oaste*, ant. it. *oste*, engad. *oast*, ant. fr. *ost*, cat. *ost*, cast. *hueste*, gal. e port. *hoste* (cfr. *REW* 4201, CGC II, s.v. *oste*, *hoste*). *DCECH*, III, s.v. *hueste* dá as formas do asturiano *hueste*, *güestia*. En canto ó cambio de xénero e acepción de *HOSTIS*, C. Michaëlis (*Revue Hispanique*, III (1900), pp. 10-19) opina que “a nova acepción de *hoste* se desprende do plural *in hostes ire*. A modificación do xénero realizouse talvez para evitar colisión e confusión con *hoste = hospite*” (p. 13, nota 4).

¹³⁸ Agás no rumano, onde incluso pertence ó rexistro popular e coloquial e pode significar ‘mili, servio militar’ (cfr. V. Breban, *Dictionar al limbii române contemporane de uz curent*, 1980, s.v. *oaste*; Cioranescu 5753).

Na área hispánica *hueste* era arcaizante xa en tempo de Juan de Valdés (cfr.

port. *estantiga*, *estatinga*, cast. *estantigua*, está xa abundantemente estudado e a súa etimoloxía establecida definitivamente¹³⁹, e pouco de novo poderíamos aportar.

DCECH, *ibid.*). Para Covarrubias (*TLC*, s.v. *hueste*) “en lengua antigua castellana vale ejército puesto en campo contra el enemigo”. Viterbo, pola súa parte, sitúa o vocable nos séc. XIII-XIV (*Eluc.*, s.v. *hoste*).

¹³⁹ Especialmente por Menéndez Pidal, “Estantigua” en *Revue Hispanique* VII (1900), pp. 5-9, respondendo un artigo de C. Michaëlis, “Estantiga, Estantiga?”, separata de *A Tradição*, 1899, anque o mérito de propoñer por primeira vez a orixe *hueste-antigua* para o cast. *estantigua* é do filólogo alemán Munthe (*ZRPh*, XV, p. 228), que, á súa vez, discutía o étimo *st ant i f i c a* suxerido por Baist (*ZRPh*, V, p. 243), cfr. *Dispersos*, p. 95. Pidal dá as primeiras documentacións do cast. (Berceo, *Poema de Fernán González*) e remite a orixe do composto ó sustantivo *hueste* na súa acepción eclesiástica procedente da antonomasia ‘enemigo = o diablo’; así, ‘o enemigo antigo’, como en *el diablo antiguo, los guerreros antiguos* (*Milagros de N^a Señora*, 187, 146).

O cambio fonético *hueste antigua* > *estantigua* no cast. “se podría explicar por una de tantas reducciones de *ue* acentuado a *e*, como en *flueco* > *fleco*” (Pidal, *ibid.*, p. 6). En canto ó significado, a posterior evolución do masc. lat. *h o s t i s* ó fem. *hueste* ‘exército, tropa’ influíu no composto de xeito que se entendeu ‘exército de diabos’, sentido no que aparece en Berceo e os exemplos antigos; ademais, o composto, como *hueste*, cambiou a xénero feminino. Para Corominas (*DCECH*, II, s.v. *estantigua*) “al identificar la estantigua con el *diablo* los sacerdotes le dieron ese nombre aunque el pueblo, naturalmente, entendió *hostis* en el sentido de ‘tropa’ y no en su sentido clásico e individual y así lo hizo femenino”. Non obstante “faltan datos para fijar cuando esta *hueste* dejó de ser infernal y se convirtió en procesión de almas en pena” (Pidal, *ibid.*, pp. 7-8).

Unha crítica á replica de Michaëlis a Pidal (Mich. *Revue Hispanique*, loc. cit. nota 100), encóntrase en *DCECH*, II, *ibid.* A erudita alemá creía que non podía rastrexarse no port. *estantiga*, *estatinga*, nin nos exemplos do castelán, ningunha acepción próxima a ‘enemigo’ senón xa a ‘exército’, poñendo en relación a superstición do NO peninsular cos “exércitos áureos de Wuotan” (Mich. *ibid.*, p. 6). Para Corominas “estuvo más en lo cierto el sabio español pues aunque la superstición sea germánica, el nombre es de procedencia latina clerical y es indudable que Casiodoro (princs. del s. VI), entre muchos, lo aplica al demonio individualmente, al decir que el alma es ab *antiquo hoste captiva*”. Corominas presenta tamén unha oportuna corrección a Pidal. Para este “es mero castellanismo la forma gallega *estantiga* (...) y la portuguesa *estatinga*” (Pidal, *ibid.*, p. 6). A mesma opinión mantíña Michaëlis para quen “*estantiga* é castelhanismo ou asturo-castelhanismo, tanto em Portugal, onde a palabra nunca foi corrente, como entre os galizianos, que a substituíram pelo termo máis restricto” (Mich., *ibid.*, pp. 10-11), isto é, *Compañía* ou *Santa Compañía*. Nós pensamos, con Corominas, que “no es necesario mirar estas formas como castellanismos sino como alteraciones del regular *ostantiga* con invasión del prefijo *es* (como *hospital espital*)” (*DCECH*, II, *ibid.*).

No NO da Península (gal., N de Portugal e asturiano occidental) o termo adquiriu entidade e connotacións propias ó corresponderse cun concepto etnograficamente moi ben definido, de orixe probablemente xermánica: a *Compañã*. Con este valor, ‘procesión de difuntos’, aparece na nosa documentación, que traduce case literalmente o texto castelán da *Primera Crónica General*:

ca sempre nos quissemos semellar llos
da osten antiga que nũca cãsauã (de)
dia nẽ de noite

ca siempre nos queremos seneiar a los
de la hueste antiga que nunqua canssan
de día nin de noche

Tras este *osten* con *-n* ocúltase na nosa opinión unha grafía latini-
zante, que intenta reproducir-lo h o s t e m dos textos eclesiásticos¹⁴⁰.

PORCO BRAUO: CrTr I 246.28. PORQUO MONTES: CrTr I 265.
31, 283.34

Construcións de sustantivo + adxetivo que seguen sendo moderna-
mente sintagmas fixos, con pl. *porcos bravos*, *porcos monteses* (e non
**porcobravos*, etc.).

Son combinacións antigas, en tanto comúns a moitas zonas románi-
cas, que designan ó lat. *a p e r*¹⁴¹, ‘xabarín’. Precisamente, tódalas deno-
minacións románicas substitutivas de *a p e r* son ou foron na súa orixe
sintagmas fixos ou palabras compostas. O fr. *sanglier* resulta da elipse de
(*p o r c u s*) *s i n g u l a r i s*, como o it. *cinghiale*, sintagma que se conser-

A etimoloxía de Covarrubias para *estantigua* (TLC, s.v.) non deixa de resultar
curiosa. Define *estantigua* como “la figura visión que se representa a los ojos” e expli-
ca que se “dixo *ab stando*, porque se pone delante de los ojos del que quiere espantar;
el *igua* es tan solamente terminación como en primeriza el *iza* (...) Dize, pues, el maes-
tro Alexo de Venegas que *estantigua* vale *est antigua*, porque el diablo que la forma
es tan antiguo como la creación del mundo; mas me quadra a mi averse dicho *ab stan-
do* o de *statua*”.

¹⁴⁰ A mesma forma en Mir. 146.3: *et Calrros oyo a voz do corno hu siia con sua
osten*. Para Pensado (Mir. p. 146, nota 3) “es posiblemente error gráfico por *oste*. Su
n non tiene explicación”. Un erro gráfico idéntico en dous textos tan diferentes antó-
llase ben improbable. Máis verosímil parece a coincidencia de dous copistas nunha gra-
fía que quere semellarse á latina.

¹⁴¹ De escasa vida e difusión románica. Consérvase no sardo campid. *sirboni*,
logud. *abrinu* e *porkabru*, galurés *polkavru* (cfr. REW 513). Por certo, as formas *por-
kabru*, *polkavru* (obviamente de *p o r c u s a p r u s*), onde *a p r u s* está por *a p e r*,
(como no *Appendix Probi* 139, *aper* non *aprus*), amosan que mesmo no sardo o xa de-
bilitado *a p r u s* necesitaba de reforzo fonético e semántico, chegándose á creación
de palabras compostas.

vou íntegro no prov. *porc-senglié*¹⁴² ou o it. *porco cinghiale*¹⁴³. O rumano *porc miștret* procede de *porcus mixticus*¹⁴⁴.

Na área peninsular aparece toda unha serie de sintagmas a base de *porcus* e un adxetivo relativo a algunha das características do xabará: *porco montés*, *puerco montés* en gal. e cast.¹⁴⁵. O cat. ten *porc cervical*, *porc fer*¹⁴⁶. *Xabarán/xabáril*, non obstante, substituiu con éxito a todos estes sintagmas –port. *javali*, cast. *jabalí*, cat. *javali*–, a non ser precisamente o gal., onde *xabarán* e variantes están aínda en pugna co sintagma que documentamos, *porco brauo*¹⁴⁷.

RICOME: CEsc 64.1, 107.2, 152.2, Vid. F. I 44.5.9. RICOMEN: CEsc 31.1, 32.1, 58.4 (outras variantes RIC-OME, RIC'OME, RRICO OMĚ). RICOSOMES: CSM^a I 235.21. RICOS-HOMEËS: DG I 65. 20, 69.13. RRICOS OMES: CGC I 24.12, 37.60, 41.52. RICOMAZ: CEsc 414.1

Sintagma fixo formado por xustaposición do adx. *rico* sustantivo, que do seu significado literal ‘home rico’ pasou a ser sinónimo doutro composto, *fillodalgo*, *fidalgo*, designando unha crase social perfectamente definida.

De acordo coa morfoloxía, trataríase dun sintagma fixo tanto diacrónica como sincronicamente, xa que, como se observa nas grafías e na formación do plural, a fusión era e é irregular e incompleta. Polo contrario, o derivado *ricomaz* (co sufixo despectivo *-az*, como *escudeiraz*, *cavaleiraz*), amosa claramente que, ó menos de cando en vez, o composto sentíase como unha palabra simple e podía recibir formativos de derivación.

¹⁴² Tamén *puerc-senglié*, *porc-single*, *porc-singla* (Mistral, II, s.v.).

¹⁴³ Cfr. *Lessico*, XVII, s.v. *porc*, *DEI*, II, s.v. *cinghiale*.

¹⁴⁴ Cfr. Cioranescu 5345.

¹⁴⁵ Está en *DEGC*, Franco e García para o galego. No port. o inclúe Moraes “porco montez: o que se cria no monte, javardo ou javalí”. Tamén Covarrubias para o castelán: “unos son domésticos (...) otros salvajes, dichos puercos monteses o javalés”.

¹⁴⁶ Cfr. Alcover, 8, s.v. *porc*. *DEGC*, Franco e García inclúen o mesmo *porco fero*, que este último sitúa en Dumbría.

¹⁴⁷ Outros sintagmas irmáns do que tratamos son *porco-teixo*, privativo do gal., *porco espiño/porco espín*, común a gal., cast. e port., *porco-sujo*, propio do port., etc. Ó parecer, *porco espiño* é creación orixinariamente italiana, *porcospino*. Respecto a *porco-sujo* é popularmente ‘demo, diabo’. Leite de V., VII, dá as formas *porcosujo*, *porqueçujo* en fórmulas de esconxuro (p. 144) e outras referencias nas pp. 245 e 420.

A combinación é antiga e común a cast., cat., prov., aínda que non aparece rexistrada en it. nin francés¹⁴⁸. Actualmente, con todo, trátase dun arcaísmo evidente (xa Moraes, II, s.v. *ricohomem* apunta “sustantivo antiquado”), polo que o seu rexistro é irregular. Non aparece xa nos dicionarios do gal. En port. si, anque cos elementos separados¹⁴⁹, a diferenza de *DRAE* que trae *ricohombre*, grafía inadecuada, que presupón un pl. *ricohombres*.

Outro sintagma fixo relacionado con *rico home* e de idéntica estrutura é *ricadona/rica-dona* (p.e., CSM^a 212.13), que ven a ser ‘filla ou muller dun *rico home*’¹⁵⁰.

TORNA DE UODAS: CGC I 585.6

Hoxe gal. e port. *tornaboda*, *tornavoda*. Curiosamente, na nosa documentación o traductor preferiu o sintagma con preposición á palabra xa fundida do texto orixinal castelán: *tornabodas*, *tornaboda*¹⁵¹.

Como se pode ver, trátase dun sintagma cun elemento verbal *torna*¹⁵² (ou mellor dito, orixinariamente verbal, xa que se lexicalizou dende antigo como sustantivo en cast., gal. e port. *torna*, con diversos significados) e o sust. *uoda* (< v ò t a, pl. de v ò t u m). Deste xeito, estaríamos diante dun caso certo e comprobado de composición con estrutura ‘verbo + sustantivo’ que, como xa se sinalou, é o tipo máis habitual e productivo de estrutura na composición románica actual.

Teríamos entón literalmente —e inicialmente—, ‘volve boda, volta da boda’; o termo refírese en realidade ó antigo costume de celebrar outro banquete pouco tempo despois da verdadeira festa nupcial, que era organizado e costeadado polo noivo ou a noiva, segundo quen cargara coa

¹⁴⁸ Aínda que Mistral, II, s.v. *ricome*, cita o ant. fr. *richehomme* co sentido “baron aragonais”.

¹⁴⁹ Fóra Moraes (*ricohomem*), *Eluc.*, Coelho e modernamente *DLP* escriben *rico-homem*.

¹⁵⁰ *Rica-dona* está en tódolos dicionarios portugueses. Non aparece nos galegos. No cast., *ricadueña* está en *DRAE*, xunto con outros sintagmas antigos: *ricahembra/ricafembra*. No cat., *rica-dona* é tamén antigo (cfr. Alcover, 9, s.v.).

¹⁵¹ *Tornabodas* está na *Primera Crónica General* 603b22, de onde a toma a traducción galega. No ms. 1347 da Biblioteca Nacional, fol. 306aV, do séc. XV, atópase xa a forma actual *tornaboda* (cfr. CGC II, s.v. *torna de uodas*).

¹⁵² *Tornar*, nun principio ‘traballar co torno’ e logo, ‘dar voltas cun obxeto’ (cfr. *REW* 8794, *DCECH*, V, s.v. *torno*, *DEEH* 6751). No galego, *tornar* é tamén —e máis frecuentemente—, ‘afastar, alonxar de un, vixiar, protexerse de’, como ocorre nos compostos *tornafumes*, *tornarratos*.

verdadeira boda; así, para Moraes, II, s.v. *tornavoda*, “segunda voda feita em casa de hum dos sogros dos novios”; *TLC*, s.v. *tornaboda*, “quando la fiesta de la boda, aviéndose celebrado en casa de uno de los consuegros, se buelve a hacer en la casa del otro, latine *r e p o r t i a*” (sic).

Aínda que o composto é de creación iberorromance, este costume é moi antigo e espallado a outros pobos románicos: fr. *lendemain de nocces*, it. *l'indomani delle nozze*, rum. *prima zi dupa*, etc. Incluso en latín, o propio Nebrija parafrasea “*tornaboda: repotia*”¹⁵³.

O sintagma soldouse nun composto non só en cast. actual (“día despoés de la boda”, segundo o *DRAE*) senón tamén en catalán (*tornaboda*, e a variante *tornafesta* en Borriana, segundo Alcover, 10, s.v.).

En canto ó galego-portugués, o noso exemplo debe de ser unha das primeiras documentacións. Machado, III, s.v. *tornaboda*, da como primeiro testemuño un de 1736 rexistrado no *Glossário Luso-Asiático*, 1919-21, de R.A. Dalgado, ignorando, evidentemente, este exemplo. Omite o sintagma *Eluc.*, mais o inclúen xa Moraes e os lexicógrafos posteriores (Coelho, Silva, etc.). No gal. aparece xeralmente, s.v. *tornaboda*.

Outros compostos hispánicos con base *torna* son cast. ant. *tornafuy* (voz de orixe aragonesa que significa ‘facer como que fuxe o enemigo e logo atacalo de sorpresa’, de *t o r n a f u g i*, como en *Libro de Aleixandre*, 706), *tornachile*, *tornagallos*, *tornaguía*, *tornalecho*, *tornapeón*, *tornapunta*, cat. *tornabaga*, *tornafil*, port. *tornaviagem* (segundo Machado, *tornaugagem* está xa nun texto de 1377), *tornafio*, *tornatorna*, *torna-vaca*; en gal. atopámonos compostos con *tornar* cos dous valores apuntados para esta lingua: indican reiteración *tornaboda*, *tornavolta*; máis habitual é a acepción ‘coidar, protexer, vixiar’ como en *tornachuvias*, *tornafumes*, *tornalamas*, *tornarratos*, etc.

VERV’ANTIGO: CEsc 216.7, 303.2, 344.4, 421.19

Outro sintagma fixo que non significa literalmente ‘palabra, dito antigo’ senón ‘refrán, proverbio’ “proverbio, ditado antigo” para Lapa (CEsc, p. 511), a través da correlación semántica ‘antigo = comprobado, certo, prudente’.

O valor único e condensado das dúas palabras pode constatarase facilmente nos catro casos que citamos:

E dixi-lh’eu: —Ess’é o verv’antigo
 “Castanhas saídas e velhas per souto”
 (216.7-8)

¹⁵³ Cfr. *DCECH*, V, *ibid.*

“De longas vias, mui longas mentiras”
/aqu/este *verv'antigo* é verdadeiro
(303.1-2)¹⁵⁴

... e porén diz o *verv'antigo*
“a boi velho non lhi busques abrigo”
(344, *refrán*)

un *verv'antigo* con sanha que á
“como lhi cantardes bailar-vos-a”
(421.19-20)

Aínda cando este sintagma fixo tiña traza de converterse nunha palabra composta —*verv'antigo* > **verbantigo*/**vervantigo*, pl. **verbantigos*/**vervantigos*, do mesmo xeito que *estantiga*, *estantigas*—, a súa escasa implantación levouno ó esquecemento. Que saibamos non existe ningunha referencia a esta forma en ningún dicionario ou repertorio léxico.

BIBLIOGRAFIA

1. Obras teóricas

- Bader, F.: *La formation des composés nominaux du latin*, Annales Litteraires de l'Université de Besançon, 46, Paris, 1962.
- Benedek, N.: “Sostantivi composti nell'italiano contemporaneo”, *Lingua Nostra*, 39 (1978), 4, pp. 117-21.
- Brea, M.: *El prefijo IN: un estudio sobre los antónimos en latín*, tesis doctoral inédita, Santiago, 1975 (= Brea).
- : “Palabras compuestas en *Na noite estrelecida* y *Camiños no tempo* de R. Cabanillas”, *Homenaxe a Cabanillas*, Santiago, 1977, pp. 137-51.
- Bustos Tovar, E. de: “Algunas observaciones sobre la palabra compuesta”, *Revista de Filología Hispánica*, 49 (1966), pp. 225-374.
- Carvalho, J.G. Herculano de: *Teoria da linguagem*, Atlântida, Coimba, 1974, 2 vols. (tódalas referencias corresponden ó volume II).
- Ciobanu, F.-Asan, F.: “A propos de l'évolution de la composition des mots en roumain”, *Actes du X^e Congrès International des Linguistes*, București, 4 vols., vol. 4 (1970), pp. 597-602.

¹⁵⁴ Obsérvese de paso como neste exemplo os adxetivos *antigo* e *verdadeiro* non van coordinados (**este verv'é antigo e verdadeiro*), xa que *verv(o)* e *antigo* conforman unha unidade sintagmática individual que é modificada en conxunto por un adxetivo: *o verv'antigo é verdadeiro*.

- Dardano, M.: *La formazione delle parole nell'italiano di oggi*, Bulzoni, Roma, 1978.
- Darmesteter, A.: *Traité de la formation des mots composés dans la langue française*, Champion, Paris, 1967 (1ª ed. 1897).
- Dimitrescu, F.: "Sur quelques termes récemment composés en roumain", *Beiträge zum romanische Philologie*, 8 (1969), pp. 166-9.
- DTF = Lázaro Carreter, F.: *Diccionario de términos filológicos*, Gredos, Madrid, 1977³.
- García Lozano, F.: "Los compuestos de sustantivo + adjetivo de tipo *pelirrojo*", *Iberoromania*, 8 (1978), pp. 82-9.
- Giurescu, A.: "Contributi al modo di definire i sostantivi composti della lingua italiana", *Revue Roumaine de Linguistique*, 10 (1965), pp. 395-400.
- : "I composti italiani del tipo verbo-nome risultati di una trasformazione di frase", *Rev. Roum. de Ling.*, 13 (1968), pp. 421-6.
- : "Osservazione sulla categoria dei composti romanzi", *Rev. Roum. de Ling.*, 15 (1970), pp. 261-6.
- : "El método transformacional en el análisis de los nombres compuestos del español moderno", *Rev. Roum. de Ling.*, 17 (1972), pp. 407-14.
- González Fernández, I.: "Algunos aspectos de la composición de palabras en italiano", *Verba*, 5 (1978), pp. 351-63.
- GRAE = Real Academia Española: *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Espasa-Calpe, Madrid, 1ª ed., 5ª reimpr., 1978.
- Guilbert, L.: "Fondements lexicologiques du Dictionnaire", introducción ó *Grand Larousse de la Langue Française*, Paris, 1971, vol. I, pp. IX-LXXXI.
- Lewicka, H.: "Composition spontanée et composition artificielle dans le français du XVIe siècle", *Actes du X^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes, Strasbourg-1962*, 3 vols., Paris, 1965, vol. 2, pp. 483-89.
- Lloyd, P.: *Verb-complement compounds in spanish*, Tübingen, 1968.
- Martinet, A.: *Elementos de lingüística general*, trad. de J. Calonge, Gredos, Madrid, 1978².
- Matthews, P.H.: *Morfología. Introducción a la teoría de la estructura de la palabra*, Paraninfo, Madrid, 1980.
- Menéndez Pidal, R.: *Manual de gramática histórica española*, Espasa-Calpe, Madrid, 1982¹⁷.
- Moreno de Alba, J.G.: "Sobre formación de palabras en español", *Anuario de Letras*, 15 (1977), pp. 69-94.
- Nunes, J.J.: *Compêndio de gramática histórica portuguesa (fonética e morfologia)*, Livraria Clássica, Lisboa, 1975⁸.
- RDTP = *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Madrid, 1945-.
- RFE = *Revista de Filología Española*, Madrid, 1914-.
- RFH = *Revista de Filología Hispánica*, Buenos Aires, 1939-46.
- Rohrer, Ch.: *Die Wortzusammensetzung im modernen Französisch*, Tübingen, 1967.
- Seijo Castroviejo, M^a. A.: "Algunas observaciones sobre las formaciones compues-

- tas”, *Anuario de Estudios Filológicos* (Univ. de Extremadura), 5 (1982), pp. 201-10.
- Spence, N.C.: “Composé nominal, locution et syntagme libre”, *La Linguistique*, 5 (1969), 2, pp. 5-26.
- Tekavčić, P.: “Sulla motivazione nella formazione delle parole”, *Studia Romanica et Anglica Zagrabiensia*, XXIII (1967), pp. 87-102.
- : *Grammatica storica dell’italiano*, Il Mulino, Bologna, 1972, 3 vols. (referímonos ó vol. III: *Lessico* = Tekavčić).
- Väänänen, V.: *Introducción al latín vulgar*, trad. de M. Carrión, Gredos, Madrid, 1^a ed., 2^a reimpr., 1975.
- Vîinatoru, N.: “Formation des mots par composition en roumain”, *Cahiers de Linguistique Théorique et Appliquée*, 5 (1968), pp. 287-94.
- Vincenz, I.: “La semantique des dérivés à préfixes et des composés dans le roumain contemporain”, *Rev. Roum. de Ling.*, 17 (1972), 3, pp. 217-36 y 4, pp. 295-317.
- Vlasák, N.: “La classification des mots composés par approximation”, *Philologica Pragensia*, 9 (1966), pp. 34-7.
- Wagner, R.-L.: “Réflexions à propos des mots construits en français”, *Bulletin de la Société de Linguistique de Paris*, 63 (1968), 1, pp. 65-82.
- ZRPh = *Zeitschrift für romanische Philologie*, Halle-Tübingen, 1877-.
- Zwanenburg, W.: “La classification des composés en français moderne”, *Lingua*, 25 (1970), 2, pp. 128-41.

II. Textos

- CAj = Michaëlis de Vasconcelos, C.: *Cancioneiro da Ajuda*, edição crítica e comentada, Max Niemeyer, Halle, 1904, 2 vols.
- CAM = Nunes, J.J.: *Cantigas d’Amor dos trovadores galego-portugueses*, ed. crítica, introdução, comentário, variantes e glossário, Univ. de Coimbra, 1932 (reimpr. Kraus Reprint, New York, 1971).
- CAMi = Nunes, J.J.: *Cantigas d’Amigo dos trovadores galego-portugueses*, ed. crítica, introdução, comentário, variantes e glossário, Univ. de Coimbra, 1928, 3 vols. (reimpr. Kraus Reprint, N.Y., 1971).
- CEsc = Rodrigues Lapa, M.: *Cantigas d’escarnho e maldizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Galaxia, Vigo, 1972².
- CGC = Lorenzo, R.: *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijóo”, Orense, 1977; vol. I, texto y edición crítica; vol. II, glosario.
- CrTr = *Crónica Troyana*, códice gallego del s. XIV de la Biblioteca Nacional con apuntes gramaticales y vocabulario por D. Manuel R. Rodríguez, Diputación de La Coruña, 1900, 2 vols.
- CSM^a = Afonso X, o Sábio, *Cantigas de Santa María*, ed. crítica de W. Mettmann, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1981; vol. I, texto; vol. II, texto (cont.) e glosario.

- DG = *A demanda do Santo Graal*, ed. de Augusto Magne, Instituto Nacional do Livro, Rio de Janeiro, 1944; vols. I y II, texto; vol. III, glosario.
- HT = *Historia Troyana*, ed. e introducción de K.M. Parker, Instituto "Padre Sarmiento" de Estudios Gallegos-C.S.I.C., Santiago, 1975.
- Mir = *Miragres de Santiago*, ed. e estudio crítico por J.L. Pensado, C.S.I.C., Madrid, 1958 (RFE, Anexo LXVIII).
- Trat = Jordán Rubio, *Tratado de Albeiteria*, ed. de J. Diéguez Fontela, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Hcos. y Artísticos de Orense*, XI, 239, pp. 345-52 y 240, pp. 395-400; XIII, 245, pp. 91-100 y 246, pp. 109-114 (editado fragmentariamente en *Prosa Galega*, vol. 3, Galaxia, Vigo, 1980, pp. 227-43, edición que seguimos).
- Vid. F. = Ferro Couselo, X.: *A vida e a fala dos devanceiros: escolma de documentos en galego dos séc. XIII ao XVI*, Galaxia, Vigo, 1967, 2 vols.

III. Diccionarios e repertorios léxicos

- Alcover, A.M^a: *Diccionari català-valencià-balear*, Moll, Palma de Mallorca, 1982², 10 vols.
- Bloch-W. = Bloch, O.-Wartburg, W. von: *Dictionnaire etymologique de la langue française*, Presses Universitaires de France, Paris, 1964⁴.
- Buschmann, S.: *Beiträge zum etymologischen Wörterbuch des Galizischen*, Bonn, 1965, A-FU.
- CaG = Sarmiento, M.: *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, ed. y estudio por J.L. Pensado, Univ. de Salamanca, 1973.
- Carré = Carré Alvarellos, L.: *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*, Moret, La Coruña, 1972⁴.
- CDG = Otero Alvarez, A.: *Contribución al diccionario gallego*, Galaxia, Vigo, 1967.
- CGC II (vid. supra, *Textos*).
- Cioranescu, A.: *Diccionario etimológico rumano*, Univ. de La Laguna, 1966.
- Coelho, F.A.: *Diccionario manual etimológico da língua portuguesa*, Plantier, Lisboa, s/a.
- CSM^a II (vid. supra, *Textos*).
- DCECH = Corominas, J.: *Diccionario crítico-etimológico castellano e hispánico*, Gredos, Madrid, 1980, 6 vols.
- DEEH = García de Diego, V.: *Diccionario etimológico español e hispánico*, S.A.E.T.A., Madrid, 1954.
- DEGC = Rodríguez González, E.: *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Galaxia, Vigo, 1960, 3 vols.
- DEI = Battisti, C.-Alessio, G.: *Dizionario etimologico italiano*, G. Barberà, Firenze, 1965, 5 vols.
- DG III (vid. supra, *Textos*).

- Dispersos* = Michaëlis de Vasconcelos, C.: *Dispersos originais portugueses (II. Linguística)*, edição da *Revista de Portugal*, Lisboa, 1959.
- DLP* = *Dicionário da Língua Portuguesa*, Editora, Porto, s/a⁶.
- DRAE* = Real Academia Española: *Diccionario de la Lengua Española*, Madrid, 1970¹⁹.
- Eluc.* = Santa Rosa de Viterbo, Fr. J. de: *Elucidário das palavras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram*, ed. crítica por Mário Fiúza, Civilização, Porto, 1962, 2 vols.
- Franco = Franco Grande, X.L.: *Diccionario galego-castelán*, Galaxia, Vigo, 1983⁸.
- Gamillscheg, E.: *Etymologisches Wörterbuch der französischen Sprache*, C. Winter, Heidelberg, 1969².
- García, C.: *Glosario de voces galegas de hoxe, Verba*, Anexo 27, 1985.
- Gloss. CAJ* = Michaëlis de Vasconcelos, C.: *Glossário do Cancioneiro da Ajuda, Revista Lusitana*, 23 (1920), pp. 1-95.
- Godefroy, F.: *Dictionnaire de l'ancienne langue française*, Paris, 1880 (3^a reimpr. Nendeln/Liechtenstein, 1969, 10 vols.).
- Gonçalves V = Gonçalves Viana, A.R.: *Apostilas aos dicionários portugueses*, Livraria Clássica, Lisboa, 1906, 2 vols.
- Griera, A.: *Tresor de la llengua de les tradicions i de la cultura popular de Catalunya*, Polígrafa, Barcelona, 1966², 14 vols.
- Lessico* = Istituto della Enciclopedia Italiana: *Lessico Universale Italiano*, Roma, 1968, 24 vols.
- Leite de V = Leite de Vasconcelos, J. et al.: *Etnografia portuguesa*, Lisboa, 1933 (vol. I), -1980 (vol. VII).
- Lexis* = *LEXIS, Dictionnaire de la langue française*, Paris, Larousse, 1975.
- Machado, J.P.: *Dicionário etimológico da língua portuguesa*, Confluência, Lisboa, 1967², 3 vols.
- Mistral, F.: *Lou Tresor dou Felibrige ou dictionnaire provençal-français*, 1879-86 (reimpr. Biblio-Verlag, Osnabrück, 1966, 2 vols.).
- Moraes = Moraes e Silva, A.: *Diccionario da lingua portugueza recopilado de todos os impressos até o presente*, Lisboa, 1823³, 2 vols.
- Parker, K.M.: *Vocabulario de la Crónica Troyana, Acta Salmanticensis*, Fil. y Letras, XII, 1, 1958.
- Pensado, J.L.: *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega. I. El diccionario gallego de F.J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega*, Univ. de Salamanca, 1976.
- : *Estudios etimológicos galaico-portugueses*, Univ. de Salamanca, 1965.
- Piel, J.M.: *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega, Acta Universitatis Conimbrigensis*, 1953.
- Raynouard, M.: *Lexique Roman*, Paris, 1836-45 (reimpr. C. Winter, Heidelberg, s/a, 6 vols.).
- REW* = Meyer-Lübke, W.: *Romanisches etymologisches Wörterbuch*, C. Winter, Heidelberg, 1935³.

- Silva = Silva Bastos, J.T. da: *Diccionário etymológico, prosódico e ortográfico da lingua portuguesa*, Lisboa, 1912.
- TLC = Covarrubias y Horozco, S. de: *Tesoro de la lengua castellana o española*, ed. de Martín de Riquer, Horta, Barcelona, 1943.
- Voc. Cid = Menéndez Pidal, R.: *Cantar de Mio Cid*, Espasa-Calpe, Madrid, 1969⁴, 3 vols. (referímonos ó volume II, *Vocabulario*).